| 2025/G003/004043_112 | 30/12/2025 | 3792/2025 | Contratación | Incumprimento dos procedementos de contratación previstos na LCSP | Suspensivo |

O número total de resolucións contrarias aos reparos formulados é de 116, distribuíndose en función da materia e os seus efectos, como segue:

| | | | |
|---|---|---|---|
| Materia | Contratación | 76 | 65,52% |
| | Persoal | 34 | 29,31% |
| | Convenios | 2 | 1,72% |
| | Patrimonio | 4 | 3,45% |
| Efectos | Suspensivo | 115 | 99,14% |
| | Non suspensivo | 1 | 0,86% |

Con relación aos motivos dos reparos formulados cómpre sinalar que os máis frecuentes son os seguintes:

- En materia de contratación:
    - A falta de contrato que habilite as realizacións das prestacións polo remate do seu prazo de duración sen que se formalizara un novo contrato ou por exceder o seu importe dos límites da contratación menor.
    - O incumprimento dos prazos de execución en contratos de obras sen o previo acordo de ampliación, a imposición de penalidades ou a adopción doutras medidas previstas na normativa.
    - A non formulación de propostas de gasto en contratos menores nos termos establecidos nas bases de execución orzamentaria.
    - A insuficiente xustificación dos requisitos previstos para a realización de encargas a medios propios.
- En materia de persoal, os ditos reparos refírense principalmente aos seguintes aspectos:
    - Ao incumprimento da normativa en materia de gratificacións por servizos extraordinarios fora da xornada laboral, con base na necesidade de cumprimento en termos anuais da xornada prevista na normativa e no acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario e no convenio colectivo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD[redacted]erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

- A superación do período máximo previsto de 6 meses na lexislación de función pública de Galicia de asignación de funcións propias doutro posto de traballo.
- A infracción da normativa en materia de provisión temporal de postos de traballo vacantes ao non xustificarse o cumprimento das condicións que a habilitan: inclusión en oferta pública de emprego ou por tratarse dunha vacante por xubilación producida con posterioridade a súa aprobación ou que non compute na taxa de reposición de efectivos.
- Nos procedementos de promoción interna vertical, a súa confusión coa provisión de postos de traballo, que se realiza finalmente mediante concurso-oposición e non mediante concurso tal como establece a normativa reguladora da provisión dos postos de traballo.

**1. Informes relativos á omisión de función interventora.**

Non se realizaron no presente exercicio informes sobre a omisión da función interventora, tramitándose os supostos que se poderían encadrar nesta como reparos suspensivos por falta de tramitación dos procedementos previstos na normativa de aplicación.

**2. Principais anomalías detectadas en materia de ingresos.**

Non se detectaron anomalías na xestión de ingresos.

Asina dixitalmente na data do documento electrónico. - Rodolfo Alonso García. - Interventor municipal"

O Pleno da Corporación queda informado.

**4. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2026.-** Dase conta ao Pleno da Corporación Comisión Informativa de Asuntos Económicos, en sesión ordinaria celebrada o luns 23 de marzo de 2026, emitiu o seguinte **DITAME:**

**"2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2026.-**

**"PROCEDEMENTO.-** Aprobación de orzamentos
**Expediente.-** 2025/T004/000001

**PROPOSTA DE ACORDO**

**ASUNTO: MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2026.**

O Pleno da Corporación celebrado o día 30 de decembro de 2025, aprobou o Orzamento municipal para este ano, no que se contempla unha subvención nominativa destinada á ASOCIACIÓN RETO (CIF G39050984), por un importe de 10.000,00€ e un anticipo do 80% á sinatura do convenio, sendo o obxecto o MANTEMENTO DO CENTRO DE ACOLLIDA situado en Arteixo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD [redacted] erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

Tendo en conta que as Bases de execución recollen as normas legais, regulamentarias e demais disposicións de carácter xeral que regulan a aprobación, execución e liquidación dos orzamentos, entre as que se atopan as subvencións nominativas para o exercicio 2026.

Visto o Informe técnico favorable de Servizos Sociais (CVD: [redacted]), do 19 de febreiro e o informe de control financeiro da Intervención municipal (CVD [redacted]) .

Resultando necesario proceder á modificación das Bases de execución, proponse ao Pleno, previo o ditame da Comisión Informativa de Asuntos Económicos, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- A aprobación inicial da modificación do Anexo I da base 35ª das de execución do vixente orzamento municipal de 2026, relativa ás subvencións nominativas, co cambio de finalidade, a favor seguinte beneficiario co que se asinará o correspondente convenio de colaboración:

| Partida | Entidade | Obxecto | Importe | Anticipo |
|---|---|---|---|---|
| 231.78000 | CENTRO RETO ARTEIXO | Investimento en obras de reforma do centro situado en Pastoriza-Arteixo | 10.000,00€ | 8.000,00€ |

Segundo.- Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro.- No caso de non presentarse reclamacións a modificación entenderase definitivamente aprobada.

Asinado dixitalmente.- Emilio Maceiras López

Concelleiro de Economía e Facenda."

** Dase conta que obran no expediente os seguintes informes:

- Informe técnico emitido pola Coordinadora do Departamento de Servizos Sociais, Dna. Enma Sánchez Labandeira, en data 03.03.2026 conformado pola Concelleira de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación, Dna Inés Ramos Álvarez, en data 09.03.2026 con CVD [redacted].

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD [redacted] Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

- Informe emitido polo Interventor Municipal, D. Rodolfo Alonso García en data 17.03.2026, con CVD [redacted]

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia, dase un turno de intervencións.

<<…>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia, somete o asunto a votación.

Votación:

<<…>>

Á vista do resultado da votación, a Comisión Informativa de Asuntos Económicos, en VOTACIÓN ORDINARIA e por MAIORÍA, ditamina favorablemente propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos transcritos na proposta que se deixa reflectida.”

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións:

<<…>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

Votos a favor:
14 Grupo PARTIDO POPULAR
4 Grupo PARTIDO SOCIALISTA
2 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Abstenciones:
1 Grupo NON ADSCRITOS

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama adoptados, por MAIORÍA, os acordos transcritos no ditame que se deixa reflectido.”

**5. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 4/2026. CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS 1/2026.-** Dase conta ao Pleno da Corporación de que a Comisión Informativa de Asuntos Económicos, en sesión ordinaria celebrada o luns 23 de marzo de 2026, emitiu o seguinte **DITAME:**

**“3. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 4/2026. CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS 1/2026.-**

**“PROCEDEMENTO. -** Modificación orzamentaria
**Expediente. -** 2026/T002/000004

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD [redacted] Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

**PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE ECONOMÍA E FACENDA**

**Asunto:** Expediente de modificación de créditos núm. 4/2026. Créditos extraordinarios núm. 1/2026

Despois de ver a documentación que obra no expediente e ante a necesidade de tramitar o correspondente expediente de modificación de créditos 4/2026 na modalidade de créditos extraordinarios, financiado con cargo ao remanente de tesouraría para gastos con financiación afectada e baixas por anulación parcial dos créditos doutras aplicacións orzamentarias, co fin de incrementar determinadas aplicacións orzamentarias dos capítulos 6 (investimentos reais) e 7 (transferencias de capital) para dar cobertura a determinados gastos que se consideran necesarios e inaprazables, por un importe total de 610.000,00€.

Atendido que na memoria desta Concellería que se contén neste expediente, expóñense as causas e razóns que motivan esta proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Considerando que. conforme establece as Bases de execución do orzamento, non existe no estado de gastos do orzamento vixente, crédito orzamentario para atender os gastos que se propoñen e detallan na memoria, sen que se imposibiliten as atencións previstas para este exercicio con cargo ás mesmas.

Considerando o que se dispón no artigo 177 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, nos artigos 35 a 38 do Real decreto 500/90, do 20 de abril e na Base 9 das de execución do orzamento e no informe da Intervención municipal CVD [redacted], por este concelleiro proponse que o Pleno do Concello, previo ditame da comisión informativa, adopte o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 4/2026. Créditos extraordinarios 1/2026, por un importe total de 610.000,00€, no orzamento vixente, coa seguinte desagregación:

1º. CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS 1/2026.

| Aplicación orzamentaria | Finalidade ao que se destina o crédito | Importe (€) |
|---|---|---|
| 161.619.00 | Abastecimiento domiciliario de agua. Otr.invers.reposic.infraest. | 600.000,00 |
| 231.780.00 | Asistencia social primaria. A fam.e Inst.sin fin de lucro | 10.000,00 |
| Total | | 610.000,00 |

2º FINANCIAMENTO

O financiamento da modificación realízase con cargo a:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD [redacted] Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

- O crédito extraordinario na aplicación orzamentaria 231.780.00 fináncíase coas baixas por anulación parcial das créditos das seguintes aplicacións do estado de gastos do orzamento corrente, cunha consignación susceptible de redución, por un importe total de 10.000,00€, segundo o seguinte detalle:

| Aplicación orzamentaria | Descrición | Importe (€) |
|---|---|---|
| 231.48900 | Asistencia social primaria. Otras subvenciones | 10.000,00€ |

- O crédito extraordinario na aplicación 161.619.00, por importe total de 600.000,00€, con cargo ao remanente líquido de tesouraría para gastos con financiación afectada.

Segundo.- Actualizar o Anexo de Investimentos para o ano 2026, incorporando os investimentos a que se refire a modificación orzamentaria aprobada, conforme ao anexo que se achega á proposta de acordo.

Terceiro.- Que se expoña ao público este expediente durante o prazo de quince días hábiles, durante o cal as persoas interesadas poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, conforme ao preceptuado no artigo 177 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais con referencia ao artigo 169 do dito texto legal.

Cuarto.- No suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, entenderase definitivamente aprobado, debendo cumprirse os trámites previstos no artigo 169 do dito Real decreto lexislativo 2/2004, do de marzo. Noutro caso obrarase conforme o disposto no apartado 1º do dito artigo.

Asina dixitalmente na data do documento electrónico.- Emilio Maceiras López

Concelleiro delegado en materia de Economía e Facenda."

** Dase conta que obran no expediente os seguintes documentos:

- Memoria emitida polo Concelleiro en materia de Economía e Facenda, D. Emilio Maceiras López, en data 17.03.2026, con CVD [redacted]
- Informe de control financeiro emitido polo Interventor Municipal, D. Rodolfo Alonso García, en data 18.03.2026, con CVD [redacted]

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia, dase un turno de intervencións.

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia, somete o asunto a votación.

Votación:

<<...>>

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD: [redacted] Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

Á vista do resultado da votación, a Comisión Informativa de Asuntos Económicos, en VOTACIÓN ORDINARIA e por MAIORÍA, ditamina favorablemente propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos transcritos na proposta que se deixa reflectida.”

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións:

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

Votos a favor:
14 Grupo PARTIDO POPULAR
4 Grupo PARTIDO SOCIALISTA
2 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Abstencions:
1 Grupo NON ADSCRITOS

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama adoptados, por MAIORÍA, os acordos transcritos no ditame que se deixa reflectido.

**6. AUTORIZACIÓN DE GASTO PLURIANUAL PARA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN “ARRENDAMIENTO CON OPCIÓN DE COMPRA, DE UN VEHÍCULO DE CARGA TRASERA PARA LA RECOGIDA DE RESIDUOS MUNICIPALES DEL AYUNTAMIENTO DE ARTEIXO”.-** Dase conta ao Pleno da Corporación de que a Comisión Informativa de Asuntos Económicos, en sesión ordinaria celebrada o luns 23 de marzo de 2026, emitiu o seguinte **DITAME:**

**“4. ASUNTOS DE URXENCIA.-**

**4.1. AUTORIZACIÓN DE GASTO PLURIANUAL PARA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN “ARRENDAMIENTO CON OPCIÓN DE COMPRA, DE UN VEHÍCULO DE CARGA TRASERA PARA LA RECOGIDA DE RESIDUOS MUNICIPALES DEL AYUNTAMIENTO DE ARTEIXO”.-**

**“PROCEDIMIENTO. –** Contratación de subministracións
**Expediente. –** 2026/C005/000003

**AUTORIZACIÓN DE GASTO PLURIANUAL**

**DATOS DO GASTO PLURIANUAL**

**Exercicio orzamentario:** 2026

**Aplicación orzamentaria:** 1621.204.00 Recolla de residuos. Alugamentos de material de transporte

**Importe total:** 490.848,84€

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD: [redacted] Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

**Anualidades:** 2027 .....................49.084,88€
2028......................98.169,77€
2029......................98.169,77€
2030......................98.169,77€
2031......................98.169,77€
2032......................49.084,88€

**Financiamento:** Convenio de colaboración subscrito coa empresa Industria de Diseño Textil SA (INDITEX SA) para o financiamento dun camión de residuos destinado á recolla selectiva de materia orgánica (413.820€) e recursos xerais (77.028,84€).

**Obxecto do gasto:** alugamento con opción de compra, dun vehículo colector de carga traseira para a recolla de residuos municipais.

**Órgano competente:** Pleno (artigo 174.5 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

**PROPOSTA DE ACORDO**

No apartado 1 da Memoria que se achega ao expediente de contratación núm. 2026/C005/000003, que se está a tramitar para a contratación da subministración mediante alugamento con opción de compra dun vehículo colector de carga traseira para a recolla de residuos municipais, se especifican as necesidades que se pretenden satisfacer, sendo o seu contido de xeito textual:

"*El Ayuntamiento de Arteixo, en el marco de sus competencias en materia de gestión de residuos municipales y en su firme compromiso con la mejora de la recogida selectiva y la economía circular, viene desarrollando actuaciones orientadas a incrementar la separación en origen de las distintas fracciones de residuos, con especial atención a la fracción orgánica o biorresiduos.*

*En este contexto, el Ayuntamiento ha puesto en marcha un programa específico de recogida separada de biorresiduos dirigido a medianos y grandes productores, tales como establecimientos de hostelería, comedores escolares y empresariales, así como otras entidades generadoras de este tipo de residuos, mediante un sistema de recogida puerta a puerta, diferenciado del servicio general.*

*Para la correcta prestación de este servicio resulta necesario disponer de medios materiales adecuados, habiéndose identificado como imprescindible la dotación de un vehículo recolector de carga trasera que permita la recogida eficiente y segura de los contenedores específicos utilizados por estos productores, garantizando la continuidad, calidad y fiabilidad del servicio municipal.*

*La presente necesidad encuentra su fundamento legal, de manera principal, en lo dispuesto en la Ley 7/2022, de 8 de abril, de residuos y suelos contaminados para una economía circular, y en particular en su artículo 25, que establece la obligación de las entidades locales de implantar la recogida separada de los biorresiduos, así como de adoptar las medidas necesarias para asegurar su correcta gestión y tratamiento, promoviendo la separación en origen y la recogida diferenciada.*

*En este contexto, concurre una oportunidad de financiación específica para la adquisición del referido vehículo, toda vez que el Ayuntamiento de Arteixo ha suscrito un convenio de colaboración con la empresa Industria de Diseño Textil, S.A. (abreviadamente INDITEX, S.A.), destinado a la financiación de la compra de un vehículo de recogida de residuos orientado específicamente a la recogida selectiva de la fracción orgánica. Este hecho refuerza y justifica de manera objetiva la necesidad de impulsar el presente expediente de contratación.*

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD [redacted]erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

*En consecuencia, la tramitación del presente contrato resulta necesaria y adecuada para dar cumplimiento a las obligaciones legales vigentes, garantizar la correcta prestación del servicio público de recogida de residuos y avanzar en los objetivos municipales de sostenibilidad ambiental y mejora de la gestión de los residuos urbanos*."

Na dita Memoria prevé un prazo de duración do contrato de 60 meses, é dicir, 5 anos, tratándose dun gasto plurianual que comezará a executarse no presente exercicio mediante a realización do encargo do vehículo, e estenderá os seus efectos ao longo dos anos 2027 a 2032.

A competencia para a aprobación e adxudicación do presente contrato corresponde á Xunta de Goberno Local por delegación do Pleno mediante acordo do 22 de xuño de 2023.

Porén, conforme establece o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, ao exceder o gasto plurianual do límite xeral de catro anos, corresponde ao Pleno a súa autorización.

Así, o artigo 174.2 establece como regra xeral que o número de exercicios a que se poderán aplicar os gastos plurianuais referidos, entre outros supostos, aos contratos de subministración, non poderá ser superior a catro. E, no seu número 5, o dito precepto establece que, en casos excepcionais, o Pleno da corporación poderá ampliar o número de anualidades.

Atendido o anteriormente exposto e ao abeiro do Decreto de Alcaldía núm. 1243/2025, do 8 de maio, no que se delega nesta Concellería a Área de Economía e Facenda, formúlase ao Pleno a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO**

Primeiro.- Autorizar o gasto plurianual para a tramitación do expediente de contratación de subministracións núm. 2026/C005/000003, para o alugamento con opción de compra dun vehículo colector de carga traseira para a recolla de residuos municipais, seguinte:

| Ano | Aplicación orzamentaria | Descrición | Importe |
|---|---|---|---|
| 2027 | 1621.204.00 | Recolla de residuos. Alugamentos de material de transporte | 49.084,88 |
| 2028 | 1621.204.00 | Recolla de residuos. Alugamentos de material de transporte | 98.169,77 |
| 2029 | 1621.204.00 | Recolla de residuos. Alugamentos de material de transporte | 98.169,77 |
| 2030 | 1621.204.00 | Recolla de residuos. Alugamentos de material de transporte | 98.169,77 |

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD [redacted] erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

| | | | |
|---|---|---|---|
| 2031 | 1621.204.00 | Recolla de residuos. Alugamentos de material de transporte | 98.169,77 |
| 2032 | 1621.204.00 | Recolla de residuos. Alugamentos de material de transporte | 49.084,88 |
| Total | | | 490.848,84 |

Segundo.- No suposto de que, como consecuencia do retraso no comezo da execución do contrato, suspensións autorizadas, prórrogas dos prazos parciais ou calquera outras razóns de interese público, se producise un desaxuste entre as anualidades establecidas e as necesidades reais na orde económica que o normal desenvolvemento do contrato esixa, autorízase á Xunta de Goberno Local a acorar o reaxuste as citadas anualidades sen exceder do seu importe total.

Asina dixitalmente na data do documento electrónico. – Emilio Maceiras López. – Concelleiro delegado de Economía e Facenda.”

** Dase conta que obra no expediente informe de fiscalización emitido polo Interventor Municipal, D. Rodolfo Alonso García, en data 17.03.2026, con CVD [redacted]

Deseguido, a Alcaldía-Presidencia, somete a votación a urxencia do asunto.

Votos a favor da urxencia. UNANIMIDADE

Aprobada a urxencia, pola Alcaldía-Presidencia, dase un turno de intervencións.

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia, somete o asunto a votación.

Votación:

<<...>>

Á vista do resultado da votación, a Comisión Informativa de Asuntos Económicos, en VOTACIÓN ORDINARIA e por MAIORÍA, ditamina favorablemente propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos transcritos na proposta que se deixa reflectida.”

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións:

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

Votos a favor:
14 Grupo PARTIDO POPULAR
4 Grupo PARTIDO SOCIALISTA

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD [redacted] Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

2 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
Abstencións:
1 Grupo NON ADSCRITOS

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama adoptados, por MAIORÍA, os acordos transcritos no ditame que se deixa reflectido.

**7. MODIFICACIÓN DA FINALIDADE DO PRÉSTAMO PARA O FINANCIAMENTO DE INVESTIMENTOS FORMALIZADO COA ENTIDADE FINANCEIRA ARQUIA BANK S.A.-** Dase conta ao Pleno da Corporación de que a Comisión Informativa de Asuntos Económicos, en sesión ordinaria celebrada o luns 23 de marzo de 2026, emitiu o seguinte **DITAME:**

**"4. ASUNTOS DE URXENCIA.-**

**4.2. MODIFICACIÓN DA FINALIDADE DO PRÉSTAMO PARA O FINANCIAMENTO DE INVESTIMENTOS FORMALIZADO COA ENTIDADE FINANCEIRA ARQUIA BANK S.A.-**

**"PROCEDEMENTO. –** Outras contratacións
**Expediente. -** 2025/C006/000007

**PROPOSTA DE ACORDO**

**Asunto:** modificación da finalidade do préstamo para o financiamento de investimentos formalizado coa entidade financeira ARQUIA BANK SA.

Primeiro.- O Pleno do Concello, en sesión celebrada o 30 de outubro de 2025, adxudicou o contrato de concertación de operación a longo prazo por importe de 7.947.750€ á entidade financeira ARQUIA BANK, S.A.
A finalidade do préstamo era o financiamento dos seguintes investimentos;

| Aplicación orzamentaria | Código de proxecto | Descrición | Importe |
|---|---|---|---|
| 134.619.00 | 2025/2/2SC12/1 | Melloras en pasos de peóns | 25.000,00 € |
| 151.609.00 | 2025/2/25E02/1 | Humanización Travesía de Arteixo. Primeira Fase | 2.955.000,00€ |
| 1531.609.00 | 2025/2/25M20/2 | Senda da Avenida do Embalse (Convenio Pisa) | 97.750,00€ |
| 1531.609.00 | 2025/2/25M20/3 | Senda Avenida da Praia (Convenio Pisa) | 695.000,00€ |
| 1531.609.00 | 2025/2/25E05/1 | FEDER. Accesibilidade núcleo de Sorrizo | 350.000,00 € |
| 1531.609.00 | 2025/2/25E08/1 | Feder Reforma Praza Balneario | 300.000,00 € |
| 171.609.00 | 2025/2/25C07/1 | Parques Concello de Arteixo | 750.000,00€ |
| 933.63200 | 2025/2/25E14/1 | Reforma Hotel Balneario | 1.170.000,00€ |
| 933.63200 | 2025/2/25NG1/1 | Casa de Baños do Balneario de Arteixo | 1.605.000,00€ |

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD [redacted] erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

Cofinanciado por la Unión Europea
MINISTERIO DE HACIENDA
Fondos Europeos
Arteixo

Segundo.- Desde a formalización do contrato en data 10 de novembro de 2025, tramitáronse diversos expedientes de contratación correspondentes a varios investimentos e resolveuse definitivamente, mediante Resolución da directora xeral de Fondos Europeos do 16 de xaneiro de 2026, a convocatoria para a asignación da senda financeira FEDER aos Plans de Actuación Integrados de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sostible, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no período de programación 2021-2027.

O anuncio da dita Resolución publicouse no Boletín Oficial do Estado núm.44, do 19 de febreiro de 2026.

Terceiro.- O Concello de Arteixo subscribiu, en data 30 de decembro de 2025, unha Addenda ao Convenio de colaboración formalizado coa Axencia de Turismo de Galicia do 28 de febreiro de 2025 para a execución do proxecto básico e de execución para a rehabilitación da casa de baños do edificio do Balneario de Arteixo no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-Nextgenerationeu, incrementando a súa aportación ao investimento en 313.680,55€.

Cuarto.- Todas estas circunstancias fan preciso a reconsideración do destino da operación de préstamo considerando que parte dos fondos obtidos mediante esta vía poderán ser empregados para o financiamento doutros investimentos ou non serán, no seu caso, dispostos.

Quinto.- Un dos investimentos previstos no Anexo de investimentos que se achegaban ao orzamento do Concello para este exercicio era o relativo á “Obras ordinarias de urbanización (Repúblicas)”, con código de proxecto 2026/2/26E02/1 por un importe de 420.000€, integramente financiados coa aportación dos Fondos EDIL.

Atendido que o importe do préstamo solicitado para o financiamento da obra na Travesía de Arteixo (2.955.000€) e da axuda reembolsa sen intereses obtida do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) ao abeiro do Convenio de colaboración do 25 de agosto de 2025 para o acceso ao Fondo de Cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (925.000€), excede do importe dos contratos adxudicados para a execución do investimento en 404.707,11€.

Considerando que urxe dispor do financiamento preciso para o inicio da contratación das obras de urbanización nas Repúblicas no mesmo momento no os fondos EDIL estean dispoñibles, é convinte modificar o destino do préstamo no importe de 280.000€, minorando o financiamento da Travesía de Arteixo e incrementando o da urbanización das Repúblicas.

Sexto.- Considerando que o cambio do destino do préstamo non supón modificación de créditos ningunha ao estar ambos investimentos na mesma aplicación orzamentaria, sendo suficiente a actualización do Anexo de Investimentos para reflectilo.

Por todo o exposto, sendo o Pleno o órgano de contratación da operación de préstamo ao abeiro do previsto no artigo 52.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, o 5 de marzo, formúlaselle a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD [redacted] erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

Primeiro .- Aprobar a modificación da finalidade do préstamo subscrito en data1 0 de novembro de 2025 coa entidade financeira ARQUIA BANK SA, sendo os investimentos que financia os seguintes:

| Aplicación orzamentaria | Código de proxecto | Descrición | Importe |
|---|---|---|---|
| 134.619.00 | 2025/2/2SC12/1 | Melloras en pasos de peóns | 25.000,00 |
| 151.609.00 | 2025/2/25E02/1 | Humanización Travesía de Arteixo. Primeira Fase | 2.675.000,00 |
| 151.609,00 | 2026/2/26E02/1 | Obras ordinarias de urbanización (Repúblicas) | 280.000,00 |
| 1531.609.00 | 2025/2/25M20/2 | Senda da Avenida do Embalse (Convenio Pisa) | 97.750,00 |
| 1531.609.00 | 2025/2/25M20/3 | Senda Avenida da Praia (Convenio Pisa) | 695.000,00 |
| 1531.609.00 | 2025/2/25E05/1 | FEDER. Accesibilidade núcleo de Sorrizo | 350.000,00 |
| 1531.609.00 | 2025/2/25E08/1 | Feder Reforma Praza Balneario | 300.000,00 |
| 171.609.00 | 2025/2/25C07/1 | Parques Concello de Arteixo | 750.000,00 |
| 933.63200 | 2025/2/25E14/1 | Reforma Hotel Balneario | 1.170.000,00 |
| 933.63200 | 2025/2/25NG1/1 | Casa de Baños do Balneario de Arteixo | 1.605.000,00 |

Segundo.- Actualizar o Anexo de investimentos, reducindo o financiamento mediante préstamo da execución da obra de Humanización da Travesía de Arteixo e quedando o proxecto con código 2026/2/26E02/1 como segue:

1. Aplicación orzamentaria: 151.609.00
2. Código de proxecto: 2026/2/26E02/1
3. Denominación: Obras ordinarias de urbanización (Repúblicas)
4. Importe total: 700.000,00€
5. Anualidade 2026: 700.000,00€
6. Financiamento:
    - 6.a. Fondos europeos: 420.000,00€
    - 6.b. Préstamo: 280.000,00€.

Asina dixitalmente na data do documento electrónico.- Emilio Maceiras López

Concelleiro delegado en materia de Economía e Facenda.”

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CV[redacted]erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

Dase conta que obra no expediente informe de control financeiro emitido polo Interventor Municipal, D. Rodolfo Alonso García, en data 18.03.2026, con CVD [redacted]

Deseguido, a Alcaldía-Presidencia, somete a votación a urxencia do asunto.

Votos a favor da urxencia. UNANIMIDADE

Aprobada a urxencia, pola Alcaldía-Presidencia, dase un turno de intervencións.

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia, somete o asunto a votación.

Votación:

<<...>>

Á vista do resultado da votación, a Comisión Informativa de Asuntos Económicos, en VOTACIÓN ORDINARIA e por MAIORÍA, ditamina favorablemente propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos transcritos na proposta que se deixa reflectida.”

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións:

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

Votos a favor:
14 Grupo PARTIDO POPULAR
Abstencións:
4 Grupo PARTIDO SOCIALISTA
2 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
1 Grupo NON ADSCRITOS

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama adoptados, por MAIORÍA, os acordos transcritos no ditame que se deixa reflectido.

**8. APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ACTIVIDADES DEPORTIVAS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA.-** Dase conta ao Pleno da Corporación de que a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en sesión ordinaria celebrada o luns 23 de marzo de 2026, emitiu o seguinte **DITAME:**

**“3. APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ACTIVIDADES DEPORTIVAS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA**

**“PROCEDEMENTO.-** Xestión de Propostas
**Expediente.-** 2026/G006/000046
**Ref.-**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD [redacted] erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD [redacted] erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/



**<u>PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE DEPORTES</u>. BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS MEDIANTE CONCORRENCIA COMPETITIVA.**

Considerando que o Concello de Arteixo recoñece as funcións do deporte como elemento fundamental na formación integral e mellora da calidade de vida dos cidadáns e como favorecedor de cohesión social, considerando de interese a actividade deportiva. Consecuentemente é preciso destinar recursos económicos á actividade de fomento, para a concesión de axudas económicas destinadas á promoción do deporte federado, organización de eventos deportivos e á organización de programas de fomento de actividade física saudable.

A finalidade destas bases é a promoción e fomento do deporte, subvencionando actividades realizadas no Concello de Arteixo no presente ano natural, destinada a apoiar ás entidades locais sen ánimo de lucro na creación ou mantemento de actividades, fomento do deporte base, deporte para todos, organización de eventos deportivos, así coma na dotación de equipamentos das programacións que desenvolven en materia de deportes.

En base á súa finalidade distínguense cinco liñas de financiación para entidades deportivas:

1) Programa de fomento do deporte federado en deportes de equipo (fútbol, baloncesto, balonmán, rugby, hóckey... )
2) Programa de fomento do deporte federado en deportes individuais (natación, salvamento, tríatlon, judo, patinaxe, tiro con arco, ciclismo, deportes de motor, atletismo, montañismo, surf...
3) Programa de eventos deportivos.
4) Programa de fomento de programas de actividade física saudable.
5) Programa de deportes autóctonos.

As entidades deportivas poderán solicitar subvención para unha ou varias liñas de financiación, sen límite de eventos e programas, co único requisito obrigatorio de que reciban un mínimo do 30% da puntuación máxima establecida nos criterios de avaliación en cada un dos eventos deportivos ou programas de fomento de actividade física saudables. Para as entidades deportivas que queiran optar ao programa de deporte federado, é indispensable que o 50% dos deportistas con licencia deportiva de competición, estean empadroados no Concello de Arteixo.

Tendo en conta que, de acordo co artigo 22 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o artigo 65 do RD 887/2006, de 21 de xullo, o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

Tendo en conta o contido do epígrafe 10 b) da referida ordenanza, no que indica que o órgano competente para a aprobación das bases é o Pleno da Corporación.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

Consta no expediente informe técnico de data 16 de febreiro de 2026 con CVD: [redacted] que emite Marcos Docampo Fraga, Coordinador Técnico de Deportes.

En vista do anterior, en relación ao asunto de referencia, proponse a elevación á comisión informativa de asuntos xerais a seguinte proposta para ditame:

**PRIMEIRO:** Aprobar as bases reguladoras das subvencións municipais en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á realización de actividades deportivas dirixidas a apoiar ás entidades locais sen ánimo de lucro na creación ou mantemento de actividades, fomento do deporte base, deporte para todos, organización de eventos deportivos, así coma na dotación de equipamentos das programacións que desenvolven en materia de deportes.

**SEGUNDO:** Publicar as referidas bases no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

**ANEXO: TEXTO INTEGRO DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS MEDIANTE CONCORRENCIA COMPETITIVA.**

**“BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ACTIVIDADES DEPORTIVAS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA.**

1. **Finalidade e obxecto.** *(Art. 17.3.a) Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións; en adiante LXS)*

O Concello de Arteixo ten como obxectivo mellorar as condicións de vida das persoas que residen no municipio, podéndose realizar a actividade municipal para o desenvolvemento das súas políticas públicas tanto de forma directa como indirecta, favorecendo a realización por parte de persoas ou colectivos, de actividades de interese xeral. A actividade de fomento é aquela actividade administrativa dirixida a satisfacer de maneira indirecta determinadas necesidades de carácter público, promovendo a acción das persoas particulares mediante o outorgamento de diferentes incentivos que a fagan posible. As subvencións son as ferramentas que permiten orientar a actividade das persoas particulares, así como a consecución dos obxectivos por quen pode estar en mellor disposición de alcanzalos e por quen pode axilizar a súa execución.

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu preámbulo, expón que unha parte importante da actividade financeira do sector público se canaliza a través de subvencións co obxecto de dar resposta a demandas sociais e económicas de persoas e entidades a través de medidas de apoio financeiro.

Esta lei, no seu artigo 8.1, establece como elemento de xestión e instrumento de mellora a conveniencia de elaborar un Plan Estratéxico de Subvencións que permita relacionar os obxectivos e acadar os efectos que se pretenden conseguir cos custos

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD [redacted]erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

previstos e a súa financiación. A finalidade é a de adecuar as necesidades públicas a cubrir mediante as subvencións cos recursos dispoñibles.

Por este motivo o Concello de Arteixo realizou un Plan Estratéxico, que foi aprobado con data de 28 de marzo de 2018 no Pleno do Concello de Arteixo, e no que se contemplan as áreas e materias a fomentar, así como os obxectivos e efectos que se pretenden acadar co outorgamento das subvencións. Este Plan foi aprobado inicialmente para o período 2018-2021 ( BOP número 64 de 5 de abril de 2018), e foi prorrogado durante o exercicio 2022 tendo unha vixencia de tres anualidades, polo que abarca o período 2023-2025, desde o 1 de xaneiro do ano 2023 hasta o 31 de decembro do 2025, sendo prorrogada a súa vixencia por unha anualidade, por acordo do Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o martes 30 de decembro de 2025 e publicado no BOP de data 21 de xaneiro de 2026.

Dentro do Plan Estratéxico Municipal recóllense diferentes obxectivos, tanto prioritarios como estratéxicos, sendo estes últimos aqueles que proporcionan o marco para establecer a planificación a medio prazo da actividade de fomento do concello. Estes obxectivos estratéxicos desagréganse noutros obxectivos específicos.

Entre os diferentes obxectivos estratéxicos deste plan está a Educación e o Deporte, que se desagregarían entre outros, nos obxectivos específicos de Facilitar e estimular o acceso ao cidadán á actividade físico-deportiva, apoiar ás entidades deportivas de Arteixo e fomentar o deporte federado.

Neste PES, para acadar os obxectivos propostos, recóllense diferentes liñas de subvencións, sendo unha delas a Liña de Promoción do Deporte, que da lugar a distintos programas de subvencións. Ao amparo deste Plan Estratéxico de Subvencións Municipal e seguindo as directrices do mesmo, realízase a convocatoria para a concesión de subvencións destinadas a actividades deportivas en Réxime de Concorrencia Competitiva.

O obxecto destas subvencións vén a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atópase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

A finalidade destas bases e da convocatoria correspondente é a promoción e fomento do deporte, subvencionando actividades realizadas no Concello de Arteixo, coa finalidade de apoiar:

- Ás entidades locais sen ánimo de lucro na creación ou mantemento de actividades, fomento do deporte base, deporte para todos, organización de

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR  José María Vázquez Pita  (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR  José María Vázquez Pita  (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) ,  Carlos Calvelo Martínez  (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CV[redacted]erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

eventos deportivos, así coma na dotación de equipamentos das programacións que desenvolven en materia de deportes.

- A promoción dos deportes autóctonos, xa que o Concello de Arteixo considera relevante dentro das súas competencias de promoción do deporte, axudar a aquelas entidades que seguen mantendo o obxectivo de contribuír á divulgación, exhibición dos deportes autóctonos e tradicionais.

En base á súa finalidade distínguense cinco liñas de financiamento para entidades deportivas:
1) Programa de fomento do deporte federado en deportes de equipo (fútbol, baloncesto, balonmán, rugbi, hockei... )
2) Programa de fomento do deporte federado en deportes individuais (natación, salvamento, triatlón, judo, patinaxe, tiro con arco, ciclismo, deportes de motor, atletismo, montañismo, surf...)
3) Programa de eventos deportivos.
4) Programa de fomento de programas de actividade física saudable.
5) Programa de deportes autóctonos.

As entidades deportivas poderán solicitar subvención para unha ou varias liñas de financiamento, sen límite de eventos e programas, co único requisito obrigatorio que reciban un mínimo do 30% da puntuación máxima establecida nos criterios de avaliación en cada un dos eventos deportivos ou programas de fomento de actividade física saudable.

1. **Crédito orzamentario.** Para cada exercicio, será o que se verifique e aprobe na correspondente convocatoria.

2. **Entidades beneficiarias e requisitos para solicitar a subvención.** *(Art. 17.3.b) LXS).*

Poderán acollerse a esta convocatoria de subvencións todas as asociacións ou entidades sen ánimo de lucro legalmente constituídas. Non poderán ser obxecto de axuda na presente convocatoria as actividades, talleres ou equipamentos subvencionados ou financiados no mesmo exercicio a través doutras convocatorias, convenios ou plans do Concello de Arteixo. Quedan expresamente excluídas desta convocatoria as federacións deportivas e entidades deportivas que non teñan o domicilio social no Concello de Arteixo.

<u>Requisitos:</u>

- Estar inscritas no Rexistro Municipal de asociacións no momento da solicitude.
- Carecer de fins de lucro.
- Ter o domicilio social no termo municipal de Arteixo. Terase en conta para determinar o domicilio social da entidade, o domicilio que figure nos estatutos da mesma.
- Para poder concorrer ao programa de Fomento de Deporte Federado as entidades deportivas deberán contar, como mínimo, co 50% dos deportistas

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD [redacted]erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

empadroados en Arteixo que desenvolvan a súa actividade no termo municipal de Arteixo. No caso de non cumprir este requisito, poderán participar unicamente no resto dos programas (Programa de eventos deportivos e Programa de fomento de programas de actividade física saudable.)

- Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial do concello de Arteixo ou sobre temas de interese para o concello de Arteixo.
- Non ter pendente de xustificación ningunha subvención ou axuda perante o Concello de Arteixo para o mesmo obxecto para o que se solicita a nova subvención.
- Non estar incursa en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.
- Estar ao corrente das súas obrigas tributarias estatais, autonómica, locais e da Seguridade Social.
- As entidades solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 e 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursos en prohibición para ser beneficiario de subvención das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incursos nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do referido artigo 10 da Lei 9/2007.
- Realizar a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude, deixando constancia do financiamento municipal das actividades subvencionadas en calquera actividade ou evento organizado pola entidade coa inclusión da imaxe corporativa municipal.
- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

1. **Condicións de solvencia e eficacia que deben reunir as persoas xurídicas ás que se refire o apartado dous do artigo 12 da Lai Xeral de Subvencións** *(Art. 17.3.c) LXS).* Non procede

2. **Forma e prazo de presentación de solicitudes.** As solicitudes de subvención, xunto coa documentación precisa, presentaranse, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2915, do 1 de outubro, da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por medios electrónicos, ben a través da sede electrónica (https://sede.arteixo.org/sxc/gl/) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art.16.4a) do mesmo texto legal, con expresa indicación de que de non facelo así, a unidade tramitadora, ao abeiro do disposto no artigo 68.4 requirirá a súa subsanación a través da presentación electrónica da solicitude. A estes efectos, segundo indica textualmente o mencionado texto legal "considérase como data de presentación da solicitude aquela na que se realice a subsanación". A convocatoria para a concesión das subvencións previstas nas presentes bases, segundo o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro xeral de subvencións publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. O prazo para presentar as solicitudes será de DEZ DIAS HÁBILES, contado dende o seguinte ao da publicación oficial do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña na forma e nos termos previstos na Lei Xeral de Subvencións (artigo 17.3.b, 18 e 20.8). Así mesmo publicaranse as bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web do Concello de Arteixo (https://arteixo.org/).

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD [redacted] erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD [redacted] erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

3. **Procedemento de concesión da subvención.** *(Art. 17.3.d) LXS).* O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 9 a) e 10 a) da Ordenanza Municipal número 26 da concesión de subvencións municipais; nos artigos 20, 21, 22, 23 e 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, concordantes cos artigos 23,24,25 e 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

4. **Criterios de avaliación para todos os programas.** *(Art. 17.3.e) LXS).* A concesión ou denegación das subvencións, así como a súa cuantificación económica, efectuarase tendo en conta os seguintes criterios:

**Criterios xerais.** A concesión das subvencións corresponde, previo informe técnico, á Alcaldía – Presidencia. O importe máximo susceptible de ser subvencionado polo Concello en cada actividade pode acadar ata o 80 % do custo total da mesma e non poderá ser superior ao importe solicitado pola entidade.

No suposto no que debido á aplicación dos criterios das bases, resultase unha cantidade superior á solicitada, esta diferenza non será distribuída noutro programa, nin a outra entidade dentro do mesmo programa, para non superar o importe solicitado pola entidade.

Esta subvención é compatible con outras axudas, de entidades públicas ou privadas. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o custo da actividade xustificada polo beneficiario.

**Criterios específicos.** A ponderación relativa atribuída a cada un dos criterios de valoración é a seguinte:

| CRITERIOS ENTIDADES DEPORTIVAS | % RELATIVA |
|---|---|
| 1. Programa de fomento do deporte federado colectivo. | 43% |
| 2. Programa de fomento do deporte federado individual. | 33% |
| 3. Programa de eventos deportivos. | 16% |
| 4. Programa de fomento de programas de actividade física saudable. | 7% |
| 5. Programa de Deportes Autóctonos | 1% |

Na resolución da convocatoria anual específica poderase modificar a distribución dos niveis porcentuais indicados se como consecuencia das solicitudes presentadas existise un maior número de proposicións económicas que se orientase en maior densidade a calquera dos programas deportivos encadrados nos criterios sinalados co obxecto de establecer unha distribución económica máis equitativa e igualitaria.

Programa de Deportes Autóctonos: No programa de deportes autóctonos, 500 € será a cantidade máxima a outorgar para cada unha das entidades solicitantes.

**Procedemento de avaliación de solicitudes**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

**Programas 1 e 2: Fomento do Deporte Federado (Máximo 100 puntos).** Neste programa soamente se valorará a aquelas entidades que teñan polo menos un 50% dos seus deportistas con licenza deportiva anual, empadroados no concello de Arteixo. No caso de non cumprir este requisito e non alcanzar este 50% de empadroados, poderán concorrer aos outros 2 programas ( Programa de eventos deportivos e programa de fomento de programas de actividade física saudable), pero non a este.

A ponderación atribuída a este criterio asignarase en base ao seguinte baremo en función dos seguintes criterios:

a)Número de licencias federadas de deportistas con actividade regular en Arteixo de modalidades recoñecidas polo Consello Superior de Deportes (en adiante CSD), entendendo por licenza deportiva aquel documento emitido pola Federación deportiva Autonómica ou Estatal correspondente que habilita á participación en competicións deportivas, seguindo as condicións e requisitos que conteñen no artigo 7 do Real Decreto 1835/1991, de 20 de decembro, sobre Federacións Deportivas Españolas e Rexistro de Asociacións Deportivas.  Máximo 50 puntos. A puntuación aplicarase outorgando acumulativamente:

| **TIPO DE LICENZA** | **PUNTOS** |
|---|---|
| Licenza absoluta e anterior | 1 |
| Licenza veteranos | 0,25 |
| Licenza persoas con discapacidade | 1,5 |
| Licenza base | 2 |
| Licenza feminina. | 2 |
| Licenza adestradora | 2 |
| Licenza adestrador | 1 |

Sobre o total da puntuación obtida a partir da contabilización das licencias aplicarase un coeficiente en función da proporción do número de deportistas empadroados no concello na forma que se determina a continuación:

| **PORCENTAXE DE EMPADROADOS** | **COEFICIENTE A APLICAR** |
|---|---|
| Entre 50 – 59,99 % | 1 |
| Entre 60 - 69,99% | 1,5 |
| Entre 70 - 79,99% | 2 |
| Entre 80 – 89,99% | 2,5 |
| Entre 90 – 100% | 3 |

Á entidade deportiva de maior puntuación outorgaránselle **50 puntos** como máximo e ao resto de entidades proporcionalmente.

Non se terán en conta como deportistas federados, aos que posúan licencias expedidas para a participación en cursos ou para actividades puntuais que non constitúan a actividade deportiva habitual e preferente de cada modalidade

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD[redacted]erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

deportiva ou para probas federadas non competitivas ou non puntuables para campionatos federados oficiais.

Valorarase única e exclusivamente a través do certificado emitido pola federación correspondente. Soamente se computarán as licenzas de competición anuais, quedando expresamente excluídas as licenzas con denominación de día, afeccionadas, amateur, sociais, ou non competitivas, segundo a denominación que se estableza nas federacións correspondentes. Do mesmo xeito excluiranse as licenzas de carácter non anuais.

b)Ámbito deportivo. No seguinte apartado terase en conta o ámbito das competicións nas que participan os equipos e os deportistas da entidade deportiva solicitante na tempada en vigor. (Soamente se computarán as categorías e os resultados de aquelas categorías que abranguen desde aquelas nas que os deportistas teñen cumpridos ou cumpran 12 anos no ano da convocatoria, ata categoría sénior).

Atenderase ao grao de representatividade do concello nas competicións nas que participe cada unha das diferentes categorías da entidade deportiva no suposto de deportes colectivos e nas que participen os deportistas de deportes individuais cando participen baixo o nome do seu club, atendendo ao ámbito e nivel da competición, organizada pola federación deportiva internacional, española ou autonómica dos diferentes niveis existentes e o número de ligas de participación por clasificación e acceso, con ou sen requisito de participación. **25 puntos** como máximo e ao resto de entidades proporcionalmente, atendendo ao seguinte baremo:

Considerarase o ámbito xeográfico de participación na competición regular (liga) nos deportes colectivos e individuais con formato de Liga, os desprazamentos definidos no calendario, é dicir, o nome da competición non definirá o seu ámbito xeográfico.

Nos deportes individuais sen formato de Liga regular considerarase o ámbito xeográfico en función do nome da competición, non do lugar onde se desenvolva dita competición.

| **Nivel de competición oficial federada** | **Modalidades individuais sen formato de liga** | **Modalidades colectivas e individuais con formato de liga por cada un dos equipos** |
|---|---|---|
| Internacional | Ata 5 puntos ( 1-5 probas) | Ata 16 puntos |
| Nacional | Ata 3 puntos ( 1-5 probas) | Ata 8 puntos |
| Autonómica | Ata 1 puntos ( 1-5 probas) | Ata 4 puntos |
| Provincial | Ata 0,50 punto ( 1-5 probas) | Ata 2 puntos |
| Comarcal | Ata 0,25puntos ( 1-5 probas) | Ata 1 puntos |
| Ascensos<br>(para formato de ligas) | Ata 10 puntos | |

Considerarase ámbito internacional cando haxa polo menos 3 equipos inscritos e

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD [redacted] erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

participantes.

Valoraranse os ascensos acadados na tempada anterior á actual por aqueles equipos que estean formados por polo menos un 50% de empadroados no concello de Arteixo. Deberán ser ascensos consumados, é dicir, que os equipos estean disputando a competición na tempada actual, na categoría superior á da tempada anterior. Só se valorarán os ascensos desde categoría cadete a sénior.

ÁMBITO DEPORTE COLECTIVO POR EQUIPOS. Considerarase como modalidade colectiva aqueles deportes nos que se participa ou compite en equipo, entendendo como equipo a unión de máis de dous xogadores para acadar un mesmo obxectivo, realizando unha serie de accións regulamentadas en colaboración, cooperación e participación de todos, tratando de vencer a oposición dos contrarios ou adversarios que igualmente se organizan en equipo co mesmo fin. (baloncesto, balonmán, fútbol, rugby, hockei,... ). Soamente se computarán competicións oficiais que pertenzan ao calendario da federación deportiva correspondente ( autonómica, nacional ou internacional) de aqueles equipos que dispoñan de 10 ou máis xornadas na competición regular.

ÁMBITO COMPETICIÓN INDIVIDUAL. Considerarase como modalidade individual os seguintes deportes (natación, salvamento, triatlón, judo, patinaxe, tiro con arco, ciclismo, deportes de motor, atletismo, montañismo (escalada), surf, xadrez, esgrima, espeleoloxía,...). Os clubs puntuarán segundo o ámbito das competicións nas que participan nas súas diferentes categorías. Soamente se computarán as competicións oficiais que pertenzan ao calendario da federación deportiva correspondente.

Valoraranse tanto a participación en ligas oficiais organizadas polas correspondentes federacións, así como a participación en competicións oficiais que pertenzan ao calendario da federación deportiva correspondente. Valoraranse unicamente aquelas categorías donde os participantes teñan como mínimo 12 anos, ou os cumpran no ano da convocatoria, ata categoría senior.

c) Colaboración co Concello e co Servizo Municipal de Deportes en actividades deportivas desenvoltas por estes. As entidades Deportivas que tiveran colaborado co Concello ou co SMD en actividades deportivas no ano anterior ao da convocatoria outorgaráselle ata **2,5 puntos** (participación ou colaboración con voluntarios en eventos como o Día do Deporte, Carreira Popular, obradoiros.....)

d) Estrutura técnica. Valorarase o volume de persoal técnico contratado, e a cualificación do mesmo. Para ser valorado este criterio, xunto á solicitude anexarase a documentación que acredite axeitadamente a titulación do persoal e contrato laboral ou documento que acredite que o persoal técnico está dado de alta no réxime laboral axeitado. Ademais, esta documentación virá acompañada da vida laboral da persoa contratada no formato axeitado no que pareza reflectido, o tipo de contrato da persoa traballadora, número de horas semanais ou porcentaxe ao respecto da xornada completa segundo o convenio laboral de aplicación e o nivel de

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD[redacted]erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

contratación (monitora, coordinadora,...). Á entidade deportiva con maior puntuación outorgaránselle un máximo de 5 puntos e ao resto proporcionalmente, atendendo ao seguinte baremo:

- Título oficial específico da modalidade nivel III ou equivalente, ou título de Licenciado/Graduado en CCAFD: 1 punto por título e contrato
- Título oficial específico da modalidade Nivel II ou equivalente: 0,5 puntos por título e contrato
- Título oficial específico nivel I ou equivalente, ou título TSAFD: 0,25 puntos por título e contrato

Terase en conta o sumatorio das titulacións dos diferentes adestradores, nos casos en que coexista máis de un. Si un adestrador está en posesión de varios títulos, valoraráselle unicamente o de maior nivel e puntuación.

A puntuación de cada entidade realizarase a través da correlación entre o número de horas de contrato semanal de cada adestrador, e o nivel desta titulación, multiplicando este número de horas semanais, por 0,25, por 0,5, ou por 1, en función da titulación debidamente acreditada. A puntuación de cada entidade obtense da suma de todos os puntos dos seus adestradores unha vez realizada esta correlación. Á entidade que obteña máis puntuación outorgaráselle **20 puntos**, e ao resto de xeito proporcional.

e)Obtención de outras subvencións. Valorarase a obtención de subvencións de outras administracións públicas para o mesmo concepto no ano anterior á solicitude. Para ser valorado este criterio, xunto á solicitude anexarase a documentación que acredite axeitadamente a obtención da subvención. As entidades deportivas poderán acadar ata un máximo de **2,5 puntos**, atendendo ao seguinte baremo:

- Subvención da Xunta de Galicia: 1,25 puntos máximo
- Subvención da Deputación de A Coruña: 1,25 puntos máximo

**Programa 3: Celebración de eventos deportivos (Máximo 100 puntos).** Terán a consideración de evento deportivo os seguintes modelos de eventos:

1. Campionato galego/nacional ou internacional da modalidade deportiva correspondente.
2. Fases finais das competicións federadas de carácter provincial, autonómico, nacional ou internacional.
3. Eventos de carácter formativo ou de especialización técnica sempre e cando estean dentro do calendario federativo.
4. Eventos ou torneos nos que participen equipos ou clubs de relevancia tanto a nivel autonómico como nacional ou internacional da modalidade deportiva correspondente.
5. Eventos ou torneos no que actúen un número relevante de deportistas e clubs, ou ben de non cumprirse o anterior, que teñan suficiente relevancia e repercusión.
6. Eventos que poñan en valor a riqueza natural do Concello de Arteixo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CV[redacted]erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

A ponderación atribuída a este criterio asignarase en base ao seguinte baremo en función dos seguintes criterios:

- <u>Proxecto técnico da actividade programada:</u> Ata 50 puntos.
  Descrición. Ata 10 puntos
  Estrutura Técnica necesaria para desenvolver o evento. Ata 10 puntos.
  Número de participantes. Ata 10 puntos.
  Número de categorías que participan no evento. Ata 10 puntos.
  Duración en tempo do evento ( 1día, 2 días, 3 días...). Ata 10 puntos.

- <u>Traxectoria da actividade e grao de consolidación no sistema deportivo local</u>. Ata 10 puntos. Valorarase tanto o número de edicións da proba como os anos de existencia do club en Arteixo.

- <u>Orzamento</u>. Terase en conta a relación existente entre a subvención solicitada e o orzamento de gastos presentado. Tomarase como referencia a achega económica propia que debe facer cada entidade para cubrir o seu proxecto. Á entidade con maior achega económica (menor cociente) outorgaránselle 20 puntos e ao resto proporcionalmente. Só se computarán en este apartado as solicitudes que anexen unha declaración responsable asumindo expresamente a contribución de dita porcentaxe.

- <u>Interese da actividade para o sistema deportivo local</u>. Ata 20 puntos
  Valorarase o interese para o sistema deportivo local, en función dos fins e necesidades que o Concello de Arteixo considera para o mesmo e tendo en conta a interacción da entidade solicitante e o impacto sobre a xestión do mesmo:

Teranse en conta, entre outros, factores como o carácter formativo do evento, que poñan en valor a riqueza natural do concello, o ámbito, o número de participantes, a importancia da proba, a visibilidade que da ao concello, a repercusión nos medios de comunicación, a asistencia de público, a complexidade técnica ou administrativa.....

Sobre os puntos acadados para cada evento en cada criterio, aplicarase un coeficiente para todos aqueles eventos que superen un presuposto de gasto de 25.000€, de xeito que para todos aqueles eventos que que teñan uns gastos que superen o importe de 25.000€ o coeficiente a aplicar será o que se reflicta na seguinte táboa, en función do ámbito do evento.

| ÁMBITO DO EVENTO | COEFICIENTE A APLICAR |
|---|---|
| Campionato de España ou ámbito superior | 3 |
| Campionato Galego | 1,5 |
| Campionato Provincial | 1 |

**Programa 4: Fomento de programas de actividade física saudable (Máximo 100 puntos).** Defínense este tipo de programas aos que teñen como obxectivo

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD: [redacted] erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

prioritario crear as condicións para que a poboación goce dunha vida máis activa, que permita conservar a saúde e a autonomía persoal, gozar de maior benestar e calidade de vida, e previr e reducir a presenza de enfermidades relacionadas co sedentarismo, desde a infancia ata a vellez. Valorarase neste apartado a creación, dirección técnica, organización, e desenvolvemento das Escolas Deportivas da modalidade específica que corresponda durante o curso escolar e/ou a súa continuidade no período estival. Tamén se valorará a execución de campus deportivos, ou programas deportivos que terán como principal obxectivo a promoción do deporte con fins educativos, lúdicos e sociais. O persoal docente destes programas deberá ser contratado e remunerado polo Club, na forma que legalmente está establecida (facturas, nóminas ou recibos coa correspondente retención do IRPF), de quen dependerá, o cal fixará ademais o programa de ensinanza e réxime interior.

O club estará obrigado a que as cotas a satisfacer polas persoas participantes destas escolas deportivas deberán ser similares aos prezos públicos estipulados na ordenanza fiscal correspondente. A ponderación atribuída a este criterio asignarase en base ao seguinte baremo en función dos seguintes criterios:

- <u>Proxecto técnico da actividade programada</u>. Ata 50 puntos

  Descrición: Obxectivos xerais, específicos e actividades planificadas. Ata 5 puntos
  Estrutura Técnica necesaria para desenvolver o programa. Ata 10 puntos.
  Desenvolvemento. Duración en días e xornadas (horas da actividade cada día) do programa. Ata 15 puntos.
  Número de participantes. Ata 10 puntos
  Franxa de idades a quen vai dirixida. Ata 10 puntos.

- <u>Traxectoria da actividade e grao de consolidación no sistema deportivo local</u>. Ata 10 puntos. Antigüidade da presenza do club dentro do tecido deportivo municipal.

- <u>Orzamento</u>. Terase en conta a relación existente entre a subvención solicitada e o orzamento de gastos presentado. Tomarase como referencia a achega económica propia que debe facer cada entidade para cubrir o seu proxecto. Á entidade con maior achega económica (menor cociente) outorgaránselle 20 puntos e ao resto proporcionalmente. Só se computarán en este apartado as solicitudes que axunten unha declaración responsable asumindo expresamente a achega de dita porcentaxe.

- <u>Interese da actividade para o sistema deportivo local</u>. Valorarase o interese para o sistema deportivo local, en función dos fins e necesidades que o Concello de Arteixo considera para o mesmo e tendo en conta a interacción da entidade solicitante e o impacto sobre a xestión do mesmo. Ata 20 puntos.

**Programa 5: Programa de Deportes Autóctonos.** Defínense este tipo de programas aos que teñen como obxectivo prioritario a promoción dos deportes

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR  José María Vázquez Pita  (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR  José María Vázquez Pita  (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) ,  Carlos Calvelo Martínez  (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CV[redacted]erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

autóctonos (chave, birlos, billarda,...) para que seguen mantendo o obxectivo de contribuír á divulgación e a exhibición dos deportes autóctonos e tradicionais. A ponderación atribuída a este criterio asignarase en base ao seguinte baremo en función dos seguintes criterios:

- Número de partidos previstos no calendario oficial e ámbito xeográfico. Considerarase o ámbito xeográfico de participación na competición regular con formato de Liga, os desprazamentos definidos no calendario, é dicir, o nome da competición non definirá o seu ámbito xeográfico.
  - Comarcal: 1 punto por xornada.
  - Provincial: 2 puntos por xornada.
  - Autonómico: 4 puntos por xornada.
- Número de licenzas e tipo:

| **TIPO DE LICENZA** | **PUNTOS** |
|---|---|
| Licenza masculina. | 1 |
| Licenza feminina. | 2 |

1. **Contía individualizada da subvención e criterios para a súa determinación**. (*Art. 17.3.f) LXS).* Unha vez sumada a puntuación obtida por todos os expedientes, é necesario achar o valor punto. Para elo, de acordo co artigo 22.1 da LXS prorratearase o importe total a repartir entre o número total de puntos obtidos por todas as accións subvencionadas. O valor económico do punto será o resultante de dividir o total do crédito orzamentario asignado, conforme á consignación establecida na convocatoria anual, entre a cifra resultante da suma total dos puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas e completas, respectando, en todo caso, os máximos e os mínimos establecidos nesta convocatoria. Se a cantidade resultante desta operación fose superior á subvención solicitada e subvencionable, concederáselle esta última.

   No caso de que algún criterio dos distintos programas quede deserto, poderase destinar a cantidade correspondente de ese criterio ao crédito total do programa.

   Non se poderá solicitar subvención por un importe superior ao 80% do custo total da acción para a que se solicita subvención, segundo o orzamento presentado, xa que o 20% restante é de obrigada asunción pola entidade.

2. **Órganos competentes para a ordenación, instrución e resolución do procedemento de concesión da subvención e prazo en que será notificada a resolución**. *(Art. 17.3.g) LXS).* O procedemento instruirase no Servizo de Deportes, polo técnico ou técnica competente de dito servizo, que realizará as actuacións que se sinalan no artigo 10a) da Ordenanza municipal número 26 reguladora da concesión de subvencións municipais do Concello de Arteixo. O órgano competente para resolver o procedemento é a Xunta de Goberno Local do Concello, segundo artigo 127 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e demais lexislación vixente.

**Comisión avaliadora.** A valoración das solicitudes e documentación achegada efectuarase por unha Comisión Avaliadora, formada por dous técnicos de Deportes e unha persoa concelleira do Concello de Arteixo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD: [redacted] Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

Funcións do órgano instrutor:

- Requirirlle á entidade solicitante naqueles supostos nos que a documentación presentada resulte incompleta e/ou defectuosa para que no prazo de dez días hábiles emende as deficiencias observadas, de conformidade e cos efectos previstos no artigo 68 da lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas considerándose desistida do seu dereito se transcorrido o prazo non atende ao requirido.
- Requirir os informes precisos e efectuar as comprobacións que estime oportunas a fin de verificar os datos achegados para unha mellor valoración das solicitudes.
- Realizar a preavaliación das solicitudes verificando o cumprimento das condicións impostas para adquirir a condición de beneficiaria/o e efectuar a avaliación conforme aos criterios, formas e prioridades dispostos na convocatoria, elevando o correspondente informe á comisión de valoración de cada un dos expedientes.

O órgano instrutor, en función da puntuación obtida por cada expediente, formulará a proposta de resolución que será aprobada pola Xunta de Goberno Local.

1. **Determinación dos libros e rexistro contables específicos para garantir a axeitada xustificación da subvención**. *(Art. 17.3.h) LXS).* En aplicación do artigo 43 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, as entidades deportivas solicitantes terán a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida. Así mesmo, deberán levar os libros de contabilidade, susceptibles de xustificar a exactitude dos resultados das operacións económicas realizadas e que reflictan a imaxe fiel da súa actividade económica.

2. **Prazo e forma de xustificación**. *(Art. 17.3.i) LXS).* O prazo de presentación da conta xustificativa especificarase en cada convocatoria anual. De non presentarse a xustificación dentro de prazo, por resolución da Presidencia iniciarase expediente de anulación do correspondente compromiso. A resolución final notificaráselle á entidade e á Intervención Municipal para a súa constancia contable. Este Concello reserva o dereito de comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta, quedando o beneficiario obrigado a facilitar canta información sexa requirida polo servizo xestor para a Intervención Municipal.

2.1. <u>Consideracións xerais.</u>

Debido ás características das entidades destinatarias e a natureza obxecto das subvencións, de acordo co previsto no art 17.3 k) e art 34.4 da Lei Xeral de Subvencións e os art 88.2, e 42 e 43 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, prevese un pagamento anticipado do 50% do importe da subvención, en concepto de entrega de fondos con carácter previo á xustificación, que se tramitará tras a correspondente resolución da concesión sen necesidade de solicitude previa por parte da entidade beneficiaria e con dispensa de garantía. Unha vez xustificada a subvención debidamente, realizarase o pago do 50% restante.

Unha vez sexa comunicada a resolución para actividades deportivas por concorrencia competitiva, só será posible renunciar á totalidade ou a unha parte da mesma nun intervalo de tempo non superior a 5 días hábiles. No suposto de non telo feito, entenderase que poderán xustificar o 100% do indicado na resolución.

O orzamento subvencionado a xustificar será o importe da subvención concedida,

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CV[redacted]erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

aplicando un coeficiente de financiamento do 0,8. Dividirase o importe concedido entre 0,8.

No caso de ter outras subvencións ou ingresos propios para o mesmo obxecto que, en concorrencia coa subvención do Concello de Arteixo, teñan un importe superior á cantidade resultante do cálculo anterior, o orzamento subvencionado para xustificar será a suma das subvencións e ingresos.

O gasto xustificado documentalmente deberá acadar polo menos, o importe do presuposto total a xustificar.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, en todo caso a obtención concorrente de subvención doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

O importe das subvencións concedidas en ningún caso poderá ser de tal contía que en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou entidades privadas supere o custo da actividade que desempeñe o beneficiario.

### 2.2. <u>Documentación xustificativa</u>

A conta xustificativa presentarase a través dos medios electrónicos e nos termos dispostos no artigo 5 (Forma e prazo de presentación de solicitudes), dirixido ao Servizo Municipal de Deportes, a seguinte documentación acreditativa, e deberá respectar o contido mínimo que marca o artigo 75 do RD 887/2006, Regulamento de Subvencións, polo que deberá incluír:

- Memoria das actuacións xustificativas. Segundo modelo normalizado.
- Memoria económica, coa relación de gastos, e a certificación doutras axudas ou subvencións percibidas para a mesma finalidade. Tamén carta de pago en caso de reintegro de sobrantes, no seu caso.
- Para a acreditación do cumprimento da obriga das medidas de difusión que debe adoptar a entidade beneficiaria da subvención para dar axeitada publicidade ao carácter público da financiación da actividade, atenderase ao contido do artigo 31 do Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, se 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Admitiranse facturas e xustificantes vinculadas á tempada actual (1 de outubro ano anterior á convocatoria – 30 setembro do ano da convocatoria).
- As facturas e demais xustificantes deben de ser escaneadas e presentadas nun só arquivo PDF pola propia entidade obrigatoriamente, do mesmo xeito que o que o resto da documentación xustificativa.
- Achegaranse orixinais ou copias cotexadas das facturas vinculadas á tempada actual, recibos, nóminas e demais documentos de valor probatorio, polos conceptos incluídos no orzamento inicial e polo importe mínimo sinalado na notificación da subvención. Cando se faga unha xustificación con transferencia bancaria, terá que relacionarse a factura coa correspondente transferencia, así como a cantidade da mesma que está xustificando. Estes documentos ademais están suxeitos ás seguintes normas:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CV[redacted]erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

a) Non se admitirán facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde.
b) O importe que se xustifique en concepto de gastos de mantemento (alugueiro, luz, gas, auga, teléfono, consumibles de oficina, etc.) non poderá superar o 20% do importe total do presuposto a xustificar.
c) Os gastos de persoal acreditaranse, con carácter xeral, mediante facturas ou nóminas. Estas deben acompañarse da documentación que certifique o seu pago (recibos, transferencias bancarias...) Só se admitirá recibín cando reflicta a correspondente retención do IRPF e a repercusión do IVE. En calquera caso, deberán acompañarse do xustificante de ingreso do IRPF na Axencia Tributaria.
d) As facturas só poderán ser substituídas por outros documentos cando así o admita o artigo 4 do RD 1496/2003, Regulamento de Facturación.
e) Admitiranse pagos en efectivo por importes de ata 300 €. No caso que o pago de un servizo estea fraccionado en varios pagos, o límite de 300 € entenderase para o conxunto dos correspondentes ao servizo. Cando se xustifiquen estes pagos en efectivo, deben estar debidamente acreditados mediante o selo da empresa, certificado ou calquera outro que acredite o pago deses gastos.
f) Na liña do programa de eventos deportivos, admitiranse como gasto xustificable os premios económicos outorgados pola entidade en eventos organizados por esta. En ditos premios debe de vir indicada a retención correspondente (*premios menores ou igual a 300€ sen retención, resto 19% segundo se indica no artigo 101.7 da Lei do IRPF e no artigo 75.3.f do regulamento do IRPF*).
g) Os servizos contratados que se facturen de forma periódica ( asesoría, teléfono, alugueiro dun local....) deberán pagarse por transferencia bancaria, aínda que o importe periódico que se facture e abone, por exemplo mensualmente, non supere os 300€.
h) As facturas presentadas coa finalidade de xustificar o gasto non poderán ser utilizadas para a xustificación de outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

### 1.1. Tramitación da xustificación

Á vista da documentación xustificativa presentada, logo dos informes do Servizo Municipal de Deportes e do Servizo de Intervención, a Xunta de Goberno, aprobará as contas xustificativas e procederase ao pagamento da subvención.

No caso de que a documentación xustificativa fora incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección. De non cumprirse este requisito dentro do prazo sinalado, e sempre que se acredite o cumprimento da finalidade, o importe da subvención reducirase proporcionalmente aos gastos xustificados correctamente, aplicando o coeficiente de financiamento.

Pasado dito prazo, en caso de non achegar a documentación requirida, arquivarase o expediente e anularase a subvención.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención e pagamento

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD [redacted] erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

dela, terase en conta o seguinte:

a) No caso de que se xustifique gasto polo 100% do presuposto a xustificar, aboarase a totalidade da subvención.
b) No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100% e, a lo menos do 50% do presuposto a xustificar, aboarase a parte proporcional da subvención.
c) No caso de que se xustifique gasto inferior ao 50% do presuposto total a xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, consonte co que non se aboará cantidade ningunha, e o beneficiario deberá devolver a cantidade que recibiu anticipadamente.

2. **Medidas de garantía que se consideran precisas a favor do Concello de Arteixo, medios de constitución e procedemento de cancelación**. *(Art. 17.3.j) LXS).* En aplicación do artigo 42.2.d) do Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, se 17 de novembro, Xeral de Subvencións, as entidades beneficiarias das presentes subvencións quedan exoneradas da constitución de garantía.

3. **Circunstancias que, como consecuencia da alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderán dar lugar á modificación da resolución**. *(Art. 17.3.l) LXS).* Non se admite a alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, polo tanto, non proceden posibles modificacións da resolución.

4. **Compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de outras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.** *(Art. 17.3.m) LXS).* Permítese a compatibilidade con outras subvencións cos seguintes condicionantes:

- No caso de solicitar e/ou recibir outras Subvencións parte doutras Administracións Públicas, para o financiamento da mesma finalidade da actividade que se subvenciona, deberán aportar copia da relación de gastos presentada na Entidade correspondente (con xustificante de presentación) que acredite os gastos que foron presentados para a xustificación das mesmas.
- Que os gastos que se presentarán ante outros axentes financiadores en ningún caso coincidirán cos presentados para a subvención solicitada ao Concello de Arteixo.
- Que en todo caso a Entidade farase cargo do 20% do orzamento con fondos propios da mesma.

1. **Gastos subvencionables.** Son aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo de execución establecido na presente convocatoria (*1 de outubro ano anterior á convocatoria – 30 setembro do ano da convocatoria*). Deberase acreditar fielmente no correspondente xustificante de gasto que este está directamente relacionado coa actividade subvencionada. A estes efectos só se poderán subvencionar os seguintes gastos:

- Licenzas federadas dos deportistas, co correspondente certificado federativo.
- Mutualidade, seguros de responsabilidade civil e accidentes, cos pertinentes certificados e facturas.
- Arbitraxes en competicións oficiais, con certificados ou facturas da federación.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CV[redacted]erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

- Transporte, por medio de facturas, acompañadas de calendario oficial de competicións. Serán admitidos os custos para desprazamentos para competicións e adestramentos federados e calendarizados que se realicen en vehículos particulares de responsables técnicos ou directivos do club. Calcularase o importe de ditos desprazamentos baseándose na seguinte fórmula (kms percorridos dende Arteixo á localidade correspondente multiplicado polo prezo por km que virá determinado pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, no seu apartado de "Asignacións para gastos de locomoción".
- As peaxes correspondentes das viaxes, acompañadas cos calendarios oficiais.
- Retribucións a persoal técnico, ou persoal necesario para o desenvolvemento das actividades (xuíces, nutricionistas, fisioterapeutas, especialistas, etc...) acreditaranse mediante facturas ou nóminas, só se admitirá o recibín cando reflicta a correspondente retención do IRPF, e a repercusión do IVE. En calquera caso deberán acompañarse do xustificante de ingreso do IRPF na Axencia Tributaria. As nóminas deben vir acompañadas do pertinente recibo bancario ou transferencia que certifique o seu pago.
- Gastos de recoñecemento previo, atención médica e fisioterapia.
- Custos por inscrición de equipos ou deportistas para participar en competicións oficiais federadas.
- Material deportivo funxible (non inventariable). As facturas presentadas deberán desagregar especificamente o material deportivo comprado. Non se admitirán facturas con conceptos xenéricos, nin facturas de roupa nun número reducido de unidades iguais (mínimo 6 de cada elemento) cando se trate de entidades deportivas, que a criterio da comisión avaliadora estime a súa improcedencia.
- Gastos de mantemento (alugueiro, luz, gas, auga, teléfono, consumibles de oficina. (*non poderá superar o importe total do 20% do importe a xustificar*).
- Gastos de manutención e hospedaxe correspondentes a calendarios de competición oficiais da correspondente federación deportiva, tomando como referencia o Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, indicado no seu anexo II (grupo 2).
- Gastos de asesorías laborais, xestores, ou plataformas de xestión para clubs ou entidades análogas.
- Gastos de publicidade e imprenta das actividades deportivas.
- Gastos de trofeos e medallas.
- Gastos en federacións deportivas (licenzas, canons de participación, seguros, arbitraxes e outros). Este tipo de gastos poderán ser xustificados a través de certificados emitidos polas federacións deportivas que recollan adecuadamente os datos fiscais das partes, as achegas económicas desagregadas, as retencións obrigatorias de ser o caso; e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base á eficacia administrativa do acto.
- Gastos en organización de eventos ou actividades (canons por organización, proxectos técnicos, retribucións ao persoal necesario para o desenvolvemento do evento ou actividade, debidamente acreditados, alugueiro ou compra de material, e calquera outro que se corresponda coa natureza do evento subvencionado).
- Gastos financeiros relativos aos pagos por transferencias bancarias relacionados co obxecto da subvención.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CV[redacted]erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

- Equipamento de primeiros auxilios e da caixa de urxencias.
- Premios económicos outorgados polo club en eventos organizados por este. (Só no programa eventos deportivos). En ditos premios debe de vir indicada a retención correspondente (premios menores ou igual a 300€ sen retención, resto 19% segundo se indica no artigo 101.7 da Lei do IRPF e no artigo 75.3.f do regulamento do IRPF).

<u>Considéranse como gastos non sufragables para todos os programas os seguintes:</u>

- Aqueles que non respondan á natureza da actividade subvencionada
- Entradas ou accesos a museos, teatros, cines, edificios históricos, exposicións, parques acuáticos, temáticos ou de atraccións, locais de lecer, ou a calquera espectáculo, atracción ou actividade de calquera natureza que non sexa a propia da subvención. Tampouco se admitirán aqueles pagos a terceiros pola realización ou participación en actividades diversas, como as que se adoitan encadrar no contexto de campamentos o convivencias de clubs (rutas a cabalo, kayak, surf...), nin por alugueiro ou contratación de actuacións, animacións, cursos ou infraestrutura para levar a cabo estas actividades.
- Non se admitirán facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde.
- Os que se realicen fóra do prazo de execución establecido na presente convocatoria.
- Os intereses debedores das contas bancarias.
- Intereses, recargas e sancións administrativas e / ou deportivas.
- Os gastos de procedementos xudiciais.

1. **Obrigas das entidades beneficiarias.** As entidades beneficiarias, unha vez aceptada a subvención, están obrigados a:

a) Realizar as actividades propostas. Os cambios deberán comunicarse previamente á súa xustificación para seren admitidos. Se os cambios provocan un presuposto superior ou igual ao presuposto inicial, manterase o coeficiente de financiamento, o importe da subvención e o presuposto subvencionado; se o presuposto é inferior ao inicial, deberá determinarse un novo coeficiente de financiamento, novo importe e novo presuposto subvencionado, que serán inferiores ao inicialmente establecido.
b) Presentar as contas xustificativas e destinar as axudas aos fins para os que se concederon e acreditar perante o Concello o cumprimento da finalidade proposta. No suposto da liña de eventos deportivos, esta acreditación realizarase, ademais de coa xustificación documental pertinente, coa presentación de carteis anunciadores ou outra información escrita.
c) Comunicarlle ao Concello a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade que procedan doutras administracións e/ou entes públicos ou privados.
d) Facer constar explicitamente na totalidade da publicidade e/ou actividade informativa que se realice por calquera medio (impreso ou non) que conta con subvención do Concello de Arteixo. En todos os programas subvencionados que leven difusión ou publicación (dípticos, carteis, impresos, anuncios, placas

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR  José María Vázquez Pita  (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR  José María Vázquez Pita  (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) ,  Carlos Calvelo Martínez  (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD [redacted] erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

conmemorativas, soportes electrónicos e audiovisuais, vídeo-marcadores,...) farase constar o logotipo do Concello de Arteixo segundo as especificacións de imaxe corporativa que figuran na web do concello, e nas mesmas condicións de visibilidade que o resto de logotipos. En todo caso, nos espazos que utilice a entidade e nos lugares de realización das actividades, informarase do financiamento público do Concello a través dun cartel tamaño mínimo A3 nun lugar destacado e visible. Tanto as entidades deportivas como os deportistas individuais terán a obriga de portar no lugar que corresponda das prendas deportivas de competición os logotipos do Concello e do Servizo Municipal de Deportes, de tamaño polo menos equivalente ao logotipo dos seus patrocinadores principais. Asemade, no caso de dispoñer de páxina web ou redes sociais, deberase facer constar que reciben unha axuda municipal e colocarán o logotipo municipal na publicación, facendo mención de que se atopan subvencionados polo Concello de Arteixo.

e) Colaborar cos departamentos municipais nos actos para os que sexan requiridos.

f) Divulgar a programación deportiva municipal nos seus locais, páxinas web, redes sociais, Vídeo-Marcadores,.. entre os seus asociados, e entre a poboación en xeral, sempre dentro da capacidade que lle permitan os seus medios.

g) As entidades beneficiarias deberán levar a contabilidade segundo a normativa que lles resulte aplicable, de xeito que quede garantido o rexistro dos gastos subvencionables e de todos os ingresos obtidos, diferenciando entre os recursos xerais e os afectados especificamente ao financiamento do programa subvencionado.

2. **Infraccións e sancións** *(Art. 17.3.n) LXS).* Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións artigos 56 a 58, e serán sancionadas incluso a título de simple neglixencia. Serán responsables as persoas físicas ou xurídicas públicas ou privadas, que por acción u omisión incorran nos supostos tipificados como infraccións nesta lei.

As infraccións leves, graves e moi graves, serán as tipificadas nos artigos 56 a 58 da Lei 38/2003; e as sancións por infracción leve, grave e moi grave serán as establecidas nos artigos 61 a 63 da citada norma.

O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.

A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impoñerase unha sancións do 10% do importe da subvención concedida, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo.

No caso do incumprimento da obriga da publicidade institucional reflectida no punto 18.d de estas bases reguladoras, aplicarase unha sanción do 30% do importe da subvención. Se a entidade non cumpre coa obriga de gardar a proporción do

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD [redacted] erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

logotipo municipal indicada no mesmo artigo, aplicarase unha sanción do 5% do importe da subvención".

A Concelleira de Deportes
Purificación Zas Rodríguez

Asina Dixitalmente."

** Dase conta que obran no expediente os seguintes informes:

- Informe técnico emitido polo Coordinador Técnico de Deportes, D. Marcos Docampo Fraga, en data 16.02.2026, con CVD [redacted]

- Informe xurídico emitido polo Secretario Xeral, D. José María Vázquez Pita, en data 18.02.2026, con CVD [redacted]

- Informe de control financieiro emitido polo Interventor Municipal, D. Rodolfo Alonso García, en data 23.02.2026, con CVD [redacted]

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia, dase un turno de intervencións.

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia, somete o asunto a votación.

Votación:

<<...>>

Á vista do resultado da votación, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en VOTACIÓN ORDINARIA e por MAIORÍA, ditamina favorablemente propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos transcritos na proposta que se deixa reflectida."

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións:

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

Votos a favor:
14 Grupo PARTIDO POPULAR
2 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
Abstencións:
4 Grupo PARTIDO SOCIALISTA
1 Grupo NON ADSCRITOS

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama adoptados, por MAIORÍA, os acordos transcritos no ditame que se deixa reflectido.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CV[redacted]erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD [redacted]erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/



**9. APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS PARA DEPORTISTAS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA.-** Dase conta ao Pleno da Corporación de que a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en sesión ordinaria celebrada o luns 23 de marzo de 2026, emitiu o seguinte **DITAME:**

**“3. APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS PARA DEPORTISTAS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA.**

**“PROCEDEMENTO.-** Xestión de Propostas

**Expediente.-** 2026/G006/000089

<<...>>

Considerando que o Concello de Arteixo recoñece as funcións do deporte como elemento fundamental na formación integral e mellora da calidade de vida dos cidadáns e como favorecedor de cohesión social, considerando de interese a actividade deportiva. Consecuentemente é preciso destinar recursos económicos á actividade de fomento, para a concesión de axudas económicas destinadas á promoción do deporte federado, organización de eventos deportivos e á organización de programas de fomento de actividade física saudable.

A finalidade destas bases é apoiar as actividades realizadas no Concello de Arteixo no presente ano natural por deportistas que practican deportes con carácter individual. O Concello de Arteixo, dentro das súas competencias de promoción do Deporte, é consciente das dificultades que teñen moitos deportistas individuais para poder levar a cabo os seus adestramentos e competicións, polo elevado custo que supoñen os desprazamentos, licenzas federativas, equipamento..., considera necesario aprobar unha liña de axudas a deportistas individuais que teñan o carácter de bolsas. En concreto, estas bolsas convócanse para apoiar a deportistas de Arteixo practicantes de deportes individuais como (natación, pádel, salvamento, triatlón, judo, patinaxe, tiro con arco, ciclismo, deportes de motor, atletismo, montañismo, surf...), como medio de apoio e promoción do deporte de Arteixo e, deste xeito, acadar logros deportivos para o Concello de Arteixo. Establécense catro tipos de bolsas en función do ámbito deportivo. Cada deportista poderá optar unicamente a un tipo de bolsa.

- Bolsas para deportistas individuais con opcións de participar en Campionatos Mundiais.
- Bolsas para deportistas individuais con opcións de participar en Campionatos Europeos ou competicións de ámbito europeo que teñan valor para clasificarse para campionatos europeos.
- Bolsas para deportistas individuais con opcións de participar en Campionatos Nacionais de España ou competicións nacionais que teñan valor para clasificarse para campionatos nacionais.
- Bolsas para deportistas individuais medallistas en Campionatos autonómicos. (A estas bolsas só se accederá no caso de que non se completen a totalidade das bolsas citadas anteriormente)

Tendo en conta que, de acordo co artigo 22 da Lei 38/2003, de 17 de novembro,

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

Xeral de Subvencións e o artigo 65 do RD 887/2006, de 21 de xullo, o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

Tendo en conta o contido do epígrafe 10 b) da referida ordenanza, no que indica que o órgano competente para a aprobación das bases é o Pleno da Corporación.

Consta no expediente informe técnico de data 26 de marzo de 2026 con CVD: [redacted] que emite Marcos Docampo Fraga, Coordinador Técnico de Deportes.

En vista do anterior, en relación ao asunto de referencia, proponse a elevación á comisión informativa de asuntos xerais a seguinte proposta para ditame:

**PRIMEIRO:** Aprobar as bases reguladoras das bolsas para deportistas en réxime de concorrencia competitiva destinadas a apoiar aos deportistas arteixáns individuais que acreditando unha calidade inicial e unha especial dedicación á actividade deportiva, auguran unha proxección futura para o deporte de alta competición. As axudas obxecto desta convocatoria irán dirixidas a consolidar a progresión do rendemento dos deportistas.

**SEGUNDO:** Publicar as referidas bases no taboleiro de anuncios do Concello e no B.O.P.

**ANEXO: TEXTO INTEGRO DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS PARA DEPORTISTAS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA.**

**BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS PARA DEPORTISTAS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA.**

1. **Finalidade e obxecto.** *(Art. 17.3.a) Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións; en adiante LXS)*

O Concello de Arteixo ten como obxectivo mellorar as condicións de vida das persoas que residen no municipio, podéndose realizar a actividade municipal para o desenvolvemento das súas políticas públicas tanto de forma directa como indirecta, favorecendo a realización por parte de persoas ou colectivos, de actividades de interese xeral. A actividade de fomento é aquela actividade administrativa dirixida a satisfacer de maneira indirecta determinadas necesidades de carácter público, promovendo a acción das persoas particulares mediante o outorgamento de diferentes incentivos que a fagan posible. As subvencións son as ferramentas que permiten orientar a actividade das persoas particulares, así como a consecución dos obxectivos por quen pode estar en mellor disposición de alcanzalos e por quen pode axilizar a súa execución.

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu preámbulo, expón que unha parte importante da actividade financeira do sector público se canaliza a

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD [redacted]erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

través de subvencións co obxecto de dar resposta a demandas sociais e económicas de persoas e entidades a través de medidas de apoio financeiro.

Esta lei, no seu artigo 8.1, establece como elemento de xestión e instrumento de mellora a conveniencia de elaborar un Plan Estratéxico de Subvencións que permita relacionar os obxectivos e acadar os efectos que se pretenden conseguir cos custos previstos e a súa financiación. A finalidade é a de adecuar as necesidades públicas a cubrir mediante as subvencións cos recursos dispoñibles.

Por este motivo o Concello de Arteixo realizou un Plan Estratéxico, que foi aprobado con data de 28 de marzo de 2018 no Pleno do Concello de Arteixo, e no que se contemplan as áreas e materias a fomentar, así como os obxectivos e efectos que se pretenden acadar co outorgamento das subvencións. Este Plan foi aprobado inicialmente para o período 2018-2021 ( BOP número 64 de 5 de abril de 2018), e foi prorrogado durante o exercicio 2022 tendo unha vixencia de tres anualidades, polo que abarca o período 2023-2025, desde o 1 de xaneiro do ano 2023 hasta o 31 de decembro do 2025, sendo prorrogada a súa vixencia por unha anualidade, por acordo do Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o martes 30 de decembro de 2025 e publicado no BOP de data 21 de xaneiro de 2026.

Dentro do Plan Estratéxico Municipal recóllense diferentes obxectivos, tanto prioritarios como estratéxicos, sendo estes últimos aqueles que proporcionan o marco para establecer a planificación a medio prazo da actividade de fomento do concello. Estes obxectivos estratéxicos desagréganse noutros obxectivos específicos.

Entre os diferentes obxectivos estratéxicos deste plan está a Educación e o Deporte, que se desagregarían entre outros, nos obxectivos específicos de Facilitar e estimular o acceso ao cidadán á actividade físico-deportiva, apoiar ás entidades deportivas de Arteixo e fomentar o deporte federado.

Neste PES, para acadar os obxectivos propostos, recóllense diferentes liñas de subvencións, sendo unha delas a Liña de Promoción do Deporte, que da lugar a distintos programas de subvencións.

Ao amparo deste Plan Estratéxico de Subvencións Municipal e seguindo as directrices do mesmo, realízase a convocatoria das Bolsas por concorrencia competitiva para deportistas do concello de Arteixo.

O obxecto desta convocatoria vén a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atópase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril do deporte de Galicia.

A finalidade destas bases e da convocatoria correspondente é a promoción e

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD [redacted] erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

fomento do deporte, apoiando actividades realizadas no Concello de Arteixo no presente ano por deportistas que practican deportes con carácter individual, entendendo todo aquel deporte que, segundo a súa regulamentación, é practicado por un ou dous deportistas como máximo. O Concello de Arteixo, dentro das súas competencias de promoción do Deporte, é consciente das dificultades que teñen moitos deportistas individuais para poder levar a cabo os seus adestramentos e competicións, polo elevado custo que supoñen os desprazamentos, licenzas federativas, equipamento..., e por este motivo considera necesario aprobar unha liña de axudas a deportistas individuais que teñan o carácter de bolsas. En concreto, estas bolsas convócanse para apoiar a deportistas de Arteixo practicantes de deportes individuais como (natación, pádel, salvamento, triatlón, judo, patinaxe, tiro con arco, ciclismo, deportes de motor, atletismo, montañismo, surf...), como medio de apoio e promoción do deporte de Arteixo e, deste xeito, acadar logros deportivos representando ao Concello de Arteixo.

Polo tanto, poderán optar ás bolsas os deportistas arteixáns individuais que acreditando unha calidade inicial e unha especial dedicación á actividade deportiva, auguran unha proxección futura para o deporte de alta competición. As axudas obxecto desta convocatoria irán dirixidas a consolidar a progresión do rendemento dos deportistas.

2. **Crédito orzamentario.** Para cada exercicio, será o que se verifique e aprobe na correspondente convocatoria.

3. **Persoas beneficiarias e requisitos para solicitar a subvención.** *(Art. 17.3.b) LXS).* Poderán acollerse a esta convocatoria de subvencións Deportistas arteixáns dos deportes de carácter individual que acreditando unha calidade inicial e unha especial dedicación á actividade deportiva, auguran unha proxección futura para o deporte de alta competición. As persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

   - Persoas empadroadas no Concello de Arteixo, cunha antigüidade mínima de dous anos consecutivos, no momento da solicitude.
   - Deportistas de deportes individuais que destaquen por resultados en competicións oficiais de ámbito autonómico, nacional ou internacional nas dúas tempadas anteriores á actual, excepto, competicións máster ou similar, xa que son categorías que están excluídas nestas bolsas.
   - Deportistas en posesión da licenza de federado expedida ou tramitada pola correspondente federación deportiva (non se valorarán as licenzas máster ou similar).
   - Deportistas entre os 12-30 anos cumpridos ou a cumprir no ano da convocatoria (ambos incluídos).
   - Competir, na tempada da solicitude, en eventos/probas deportivas de relevancia autonómica, nacional ou internacional organizados ou recoñecidos polas respectivas federacións.
   - Acreditar nivel deportivo na especialidade, nas dúas tempadas anteriores á actual, ser medallista en campionatos nacionais ou internacionais da especialidade deportiva.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD [redacted] erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiario da axuda (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións).
- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Quedan expresamente excluídas desta convocatoria:
  - Todos os deportistas practicantes de modalidades colectivas (fútbol, baloncesto, balonmán, rugby, hockei... ) e de deportes autóctonos.
  - Deportistas que estean cumprindo sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave.

- Características das bolsas. Establécense catro tipos de bolsas en función do ámbito deportivo. Cada deportista poderá optar unicamente a un tipo de bolsa.

  - Bolsas para deportistas individuais con opcións de participar en Campionatos Mundiais.
  - Bolsas para deportistas individuais con opcións de participar en Campionatos Europeos ou competicións de ámbito europeo que teñan valor para clasificarse para campionatos europeos.
  - Bolsas para deportistas individuais con opcións de participar en Campionatos Nacionais de España ou competicións nacionais que teñan valor para clasificarse para campionatos nacionais.
  - Bolsas para deportistas individuais medallistas en Campionatos autonómicos. (A estas bolsas só se accederá no caso de que non se completen a totalidade das bolsas citadas anteriormente)

1. **Condicións de solvencia e eficacia que deben reunir as persoas xurídicas ás que se refire o apartado dous do artigo 12 da Lai Xeral de Subvencións** *(Art. 17.3.c) LXS).* Non procede

2. **Forma e prazo de presentación de solicitudes.** As solicitudes de subvención, xunto coa documentación precisa, presentaranse, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2915, do 1 de outubro, da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por medios electrónicos, ben a través da sede electrónica (https://sede.arteixo.org/sxc/gl/) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art.16.4a) do mesmo texto legal, con expresa indicación de que de non facelo así, a unidade tramitadora, ao abeiro do disposto no artigo 68.4 requirirá a súa subsanación a través da presentación electrónica da solicitude. A estes efectos, segundo indica textualmente o mencionado texto legal "considérase como data de presentación da solicitude aquela na que se realice a subsanación". A convocatoria para a concesión das subvencións previstas nas presentes bases, segundo o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro xeral de subvencións publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. O prazo para presentar as solicitudes será de DEZ DIAS HÁBILES, contado dende o seguinte ao da publicación oficial do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña na forma e nos termos previstos na Lei Xeral de Subvencións

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD [redacted] erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

(artigo 17.3.b, 18 e 20.8). Así mesmo publicaranse as bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web do Concello de Arteixo (https://arteixo.org/).

3. **Procedemento de concesión da subvención.** *(Art. 17.3.d) LXS).* O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 9 a) e 10 a) da Ordenanza Municipal número 26 da concesión de subvencións municipais; nos artigos 20, 21, 22, 23 e 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, concordantes cos artigos 23,24,25 e 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

4. **Criterios de avaliación.** *(Art. 17.3.e) LXS).* A concesión ou denegación das bolsas, así como a súa cuantificación económica, efectuarase tendo en conta os seguintes criterios:

A concesión das bolsas corresponde, previo informe técnico, á Alcaldía – Presidencia. A dotación para as bolsas dos deportistas individuais será a consignada na aplicación orzamentaria 340.481.00 na correspondente convocatoria anual. En cada convocatoria anual específica, a distribución do crédito para cada un dos tipos de bolsa indicados, dependerá do número de solicitudes presentadas e do número de proposicións económicas que se orienten en maior ou menor densidade cara cada un dos tipos de bolsas, encadrados nos criterios sinalados, co obxecto de establecer unha distribución económica máis equitativa e igualitaria.

Cada deportista deberá presentar unha única solicitude de bolsa, indicando de modo claro o tipo de axuda e a modalidade deportiva para a que solicita dita axuda. Polo tanto, só poderá solicitarse e concederse unha única bolsa por persoa.

Non obstante, a Comisión Avaliadora poderá cambiar o tipo de bolsa sinalada por cada deportista, se entende que a elección non se corresponde cos méritos acreditados polos deportistas

Esta subvención é compatible con outras axudas, de entidades públicas ou privadas. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o custo da actividade xustificada polo beneficiario.

**Procedemento de avaliación de solicitudes.**

As solicitudes valoraranse segundo os criterios seguintes. No suposto de ter máis solicitudes para algunha das bolsas establecidas na correspondente convocatoria, seguirase o seguinte criterio:

a)Valorarase o historial deportivo das dúas tempadas anteriores á actual, acreditado pola federación correspondente. Cos seguintes baremos:

- Ter participado en Campionatos do Mundo. Ata 10 puntos por tempada.
- Ter participado en Campionatos de Europa. Ata 7 puntos por tempada.
- Ter participado en Campionatos de España. Ata 5 puntos por tempada.
- Ter participado en Campionatos de Galicia. Ata 1 punto por tempada.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD[redacted]erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

Non se terán en conta resultados obtidos nas modalidades nas que a participación sexa por equipos ou relevos.

b)Grao de representatividade municipal. Atenderase á representación que fai o deportista do municipio mediante a súa participación en competicións, así como o impacto positivo na visibilidade e promoción da localidade a través do deporte. Valorarase o interese para o sistema deportivo local, en función entre outros, da importancia das probas nas que participa, da repercusión dos seus logros nos medios de comunicación, así como a colaboración co concello en eventos ou outro tipo de actividades. Neste suposto outorgarase ata un máximo de 5 puntos.

1. **Contía individualizada da subvención e criterios para a súa determinación**. (*Art. 17.3.f) LXS).* En cada convocatoria anual indicarase o importe de cada unha das bolsas

O importe global distribuirase, en función do número de solicitudes e tipo de cada beca, cos seguintes límites con carácter xeral, podendo sufrir variacións:
1) Bolsas destinadas a participar en Campionatos do Mundo: 1 beca
2) Bolsas con opcións de participar en Campionatos Europeos, ou competicións de ámbito europeo que teñan valor para clasificarse para campionatos europeos: 2 becas
3) Bolsas para deportistas individuais con opcións de participar en Campionatos Nacionais de España ou competicións de ámbito nacional que teñan valor para clasificarse para campionatos nacionais: 8 becas
4) Bolsas para deportistas individuais medallistas en Campionatos autonómicos: Estas bolsas otorgaranse unicamente no caso de non cubrirse a totalidade das bolsas 1), 2) e 3) . Nese caso o número de bolsas dependerá das solicitudes para esta categoría de bolsa e do número de bolsas dispoñibles en función das bolsas concedidas nas outras categorías.

A Comisión Avaliadora quedará facultada para a modificación do número de becas indicadas si como consecuencia das solicitudes presentadas existise un maior número de proposicións económicas que se orientase en maior ou menor densidade a calquera das actividades deportivas encadradas nos catro grupos sinalados co obxecto de establecer unha distribución económica máis equitativa e igualitaria. É dicir, póderase cambiar o número de becas definido para cada tipo de bolsa, pero tamén pode variar o número total de bolsas, importes de cada unha e redistribuirse en función das solicitudes.

2. **Órganos competentes para a ordenación, instrución e resolución do procedemento de concesión da subvención e prazo en que será notificada a resolución**. *(Art. 17.3.g) LXS).* O procedemento instruirase no Servizo de Deportes, polo técnico ou técnica competente de dito servizo, que realizará as actuacións que se sinalan no artigo 10a) da Ordenanza municipal número 26 reguladora da concesión de subvencións municipais do Concello de Arteixo. O órgano competente para resolver o procedemento é a Xunta de Goberno Local do Concello, segundo artigo 127 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e demais lexislación vixente.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD [redacted]erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

**Comisión avaliadora.** A valoración das solicitudes e documentación achegada efectuarase por unha Comisión Avaliadora, formada por dous técnicos de Deportes e unha persoa concelleira do Concello de Arteixo.

Funcións do órgano instrutor:

- Requirirlle á persoa solicitante naqueles supostos nos que a documentación presentada resulte incompleta e/ou defectuosa para que no prazo de dez días hábiles emende as deficiencias observadas, de conformidade e cos efectos previstos no artigo 68 da lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas considerándose desistida do seu dereito se transcorrido o prazo non atende ao requirido.
- Requirir os informes precisos e efectuar as comprobacións que estime oportunas a fin de verificar os datos achegados para unha mellor valoración das solicitudes.
- Realizar a preavaliación das solicitudes verificando o cumprimento das condicións impostas para adquirir a condición de beneficiaria/o e efectuar a avaliación conforme aos criterios, formas e prioridades dispostos na convocatoria, elevando o correspondente informe á comisión de valoración de cada un dos expedientes.

A comisión avaliadora formulará a súa proposta de selección das persoas bolseiras, daqueles solicitantes que acaden maior puntuación conforme o apartado 7 das presentes bases, que será motivada segundo as bases da convocatoria.

O órgano instrutor, en función da puntuación obtida por cada expediente, formulará a proposta de resolución que será aprobada pola Xunta de Goberno Local.

1. **Determinación dos libros e rexistro contables específicos para garantir a axeitada xustificación da subvención**. *(Art. 17.3.h) LXS).* Non procede a aplicación do artigo 43 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia.

2. **Prazo e forma de xustificación**. *(Art. 17.3.i) LXS).* O prazo de presentación da conta xustificativa especificarase en cada convocatoria anual. De non presentarse a xustificación dentro de prazo, por resolución da Presidencia iniciarase expediente de anulación do correspondente compromiso. A resolución final notificaráselle á entidade e á Intervención Municipal para a súa constancia contable. Este Concello reserva o dereito de comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta, quedando o beneficiario obrigado a facilitar canta información sexa requirida polo servizo xestor para a Intervención Municipal.

2.1. <u>Consideracións xerais.</u>

Debido ás características das persoas destinatarias e a natureza obxecto das subvencións, de acordo co previsto no art 17.3 k) e art 34.4 da Lei Xeral de Subvencións e os art 88.2, e 42 e 43 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, prevese un pagamento anticipado do 50% do importe da subvención, en concepto de entrega de fondos con carácter previo á xustificación, que se tramitará tras a correspondente resolución da concesión sen necesidade de solicitude previa por parte da persoa beneficiaria e con dispensa de garantía. Unha vez xustificada a subvención debidamente, realizarase o pago do 50% restante.

Unha vez sexa comunicada a resolución por concorrencia competitiva, só será

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD [redacted]erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

posible renunciar á totalidade ou a unha parte da mesma nun intervalo de tempo non superior a 5 días hábiles. No suposto de non telo feito, entenderase aceptada a subvención por parte da persoa interesada.

### 2.2. Documentación xustificativa

A conta xustificativa presentarase a través dos medios electrónicos e nos termos dispostos no artigo 5 (Forma e prazo de presentación de solicitudes), dirixido ao Servizo Municipal de Deportes. As persoas beneficiarias da bolsa deportiva virán obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas, debendo presentar a seguinte documentación xustificativa:

a) Certificación da federación deportiva correspondente, acreditativa dos resultados obtidos na tempada en curso. É condicionante para o aboamento da bolsa a participación en, polo menos, na metade dos campionatos nos que ten previsto participar na tempada actual, sinalados no proxecto deportivo presentado, e o cumprimento da obriga de non estar a cumprir sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave. De non acreditar a participación de, polo menos, na metade dos campionatos durante a tempada actual, ou de estar a cumprir sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave, perderá o dereito ao cobramento da bolsa, e deberá reintegrar o importe do anticipo percibido, xunto cos xuros de mora correspondentes, de acordo co procedemento establecido.

b) Documentación acreditativa da publicidade institucional. E obriga da persoa deportista facer constar explicitamente na totalidade da publicidade e/ou actividade informativa que se realice por calquera medio (impreso ou non) que conta con subvención do Concello de Arteixo. En todos os programas subvencionados que leven difusión ou publicación farase constar o logotipo do Concello de Arteixo segundo as especificacións de imaxe corporativa que figuran na web do concello e nas mesmas condicións de visibilidade que o resto de logotipos. As persoas deportistas terán a obriga de portar no lugar que corresponda das prendas deportivas de competición os logotipos do Concello de Arteixo, de tamaño polo menos equivalente ao logotipo dos seus patrocinadores principais. Asemade, no caso de dispoñer de páxina web ou redes sociais, deberase facer constar que reciben unha axuda municipal e colocarán o logotipo municipal na publicación, facendo mención de que se atopan subvencionados polo Concello de Arteixo.

### 1.1. Tramitación da xustificación

Á vista da documentación xustificativa presentada, logo dos informes do Servizo Municipal de Deportes e do Servizo de Intervención, a Xunta de Goberno, aprobará as contas xustificativas e procederase ao pagamento da subvención.

No caso de que a documentación xustificativa fora incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección. De non cumprirse este requisito dentro do prazo sinalado, e sempre que se acredite o cumprimento da finalidade, o importe

Esta agresión inxustificada supón unha nova e gravísima vulneración da soberanía dos pobos, do dereito internacional e da Carta das Nacións Unidas. Pretende lexitimar a lei do máis forte e dinamita calquera posibilidade de diálogo e de solución negociada dos conflitos.

A historia repítese. Os mesmos que nos venderon a guerra de Iraque coas falsas armas de destrución masiva son os que agora inventan novas ameazas para xustificar os seus bombardeos.

Esta agresión militar non é un feito illado, senón que se enmarca nun patrón de actuación reiterado das grandes potencias militares e das súas alianzas. As intervencións armadas e os bombardeos preventivos convertéronse nun instrumento habitual de política internacional, con graves consecuencias para a estabilidade global e para o respecto ao dereito internacional.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD [redacted]erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

A estratexia de guerra permanente busca o control dos recursos estratéxicos e a imposición de intereses xeopolíticos pola forza, desprezando a soberanía das nacións e o dereito dos pobos a decidir libremente o seu propio destino.

A sociedade galega está maioritariamente comprometida coa paz, co multilateralismo, coa legalidade internacional e coa soberanía dos pobos. O pobo galego é contrario á escalada armamentista e avoga pola resolución das controversias e dos conflitos a través do diálogo, da diplomacia e da negociación política.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes

**ACORDOS:**

1. Manifestar a condena á agresión militar contra o Irán, contraria ao dereito internacional e á Carta das Nacións Unidas, así como ás políticas de guerra e inxerencia que contribúen á escalada bélica e á desestabilización internacional.

2. Facer un chamamento á comunidade internacional, e de xeito especial á Unión Europea, ao Estado español e á Xunta de Galiza, para que adopten medidas concretas dirixidas a frear a escalada bélica, a garantir o respecto ao dereito dos pobos a exercer a súa soberanía sen inxerencias externas e a promover a recuperación das vías de diálogo e solución pacífica das controversias.

3. Rexeitar as ameazas de Trump e demandar ao goberno español que poña fin de maneira definitiva á presenza militar norteamericana en territorio español, á utilización do territorio galego como base de infraestruturas e actividades da OTAN e reclamar a saída do Estado español da OTAN.

4. Opoñerse ao envío por parte do goberno español de medios e material de guerra á zona de conflito.

“

Deseguido a Alcaldía-Presidencia, somete a votación a urxencia da moción.

Votos a favor da urxencia: UNANIMIDADE.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD [redacted] erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

Aprobada a urxencia, a Alcaldía-Presidencia da un turno de intervencións.

<<...>>

Non formulándose máis intervencións a Alcaldía-Presidencia somete a moción a votación:
Votación:

<<...>>

Á vista do resultado da votación, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en VOTACIÓN ORDINARIA e por MAIORÍA, ditamina favorablemente propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos transcritos na moción que se deixa reflectida.”

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións:

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, e tras deliberar sobre a conveniencia de votar os puntos da moción de maneira separada, a Alcaldía-Presidencia procede a sometelos a votación individual.

<u>Votación do punto PRIMEIRO da moción:</u>

Votos a favor:
- 14 Grupo PARTIDO POPULAR
- 4 Grupo PARTIDO SOCIALISTA
- 1 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
- 1 Grupo NON ADSCRITOS

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama aprobado, por UNANIMIDADE DOS/AS PRESENTES, o punto primeiro da moción.

<u>Votación do punto SEGUNDO da moción:</u>

Votos a favor:
- 14 Grupo PARTIDO POPULAR
- 4 Grupo PARTIDO SOCIALISTA
- 1 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
- 1 Grupo NON ADSCRITOS

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama aprobado, por UNANIMIDADE DOS/AS PRESENTES, o punto segundo da moción.

<u>Votación do punto TERCEIRO da moción:</u>

Votos a favor:
- 1 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Votos en contra:
- 14 Grupo PARTIDO POPULAR
- 4 Grupo PARTIDO SOCIALISTA

Abstencións:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD [redacted] erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

1 Grupo NON ADSCRITOS

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama rexeitado o punto terceiro da moción.

<u>Votación do punto CUARTO da moción:</u>

Votos a favor:
14 Grupo PARTIDO POPULAR
4 Grupo PARTIDO SOCIALISTA
1 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
1 Grupo NON ADSCRITOS

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama aprobado, por UNANIMIDADE DOS/AS PRESENTES, o punto cuarto da moción.

**15. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE A NECESIDADE DE TOMAR MEDIDAS URXENTES PARA FACILITAR VIVENDA ACCESIBLE PARA A CIDADANÍA (RE 2026/999/2873 do 18.03.2026).-** Dase conta ao Pleno da Corporación de que a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en sesión ordinaria celebrada o luns 23 de marzo de 2026, emitiu o seguinte **DITAME:**

**“9. ASUNTOS DE URXENCIA.-**

**9.3. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE A NECESIDADE DE TOMAR MEDIDAS URXENTES PARA FACILITAR VIVENDA ACCESIBLE PARA A CIDADANÍA (RE 2026/999/2873 do 18.03.2026).-** Dase conta da moción presentada polo grupo municipal socialista en data 18.03.2026 con rexistro de entrada nº 2026/999/2873), co seguinte teor literal:

“

FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD [redacted] erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD[redacted]erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

Cofinanciado por la Unión Europea — MINISTERIO DE HACIENDA — Fondos Europeos — Arteixo

# MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE ARTEIXO SOBRE A NECESIDADE DE TOMAR MEDIDAS URXENTES PARA FACILITAR VIVENDA ACCESIBLE PARA A CIDADANÍA

## AO PLENO DO CONCELLO DE ARTEIXO

Martín Seco García, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Arteixo, con DNI 33.336.132-R e domicilio a efectos de notificación en Praza Ramón Dopico 1 2º, CP 15142 de Arteixo, comparece e como mellor proceda en dereito **DI**:

Que o abeiro do disposto nos artigos do Regulamento Orgánico de Arteixo, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

## MOCIÓN

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No mes de Maio de 2025, presentábamos a derradeira moción dunha serie de iniciativas do grupo socialista para que o concello levase a cabo no seu ámbito competencial as actuacións necesarias para facilitar o acceso a vivenda asequible á nosa poboación.

O acceso a unha vivenda digna é un dos principais retos sociais, económicos e xeracionais que afronta o noso país e é un dos principais problemas que segundo as enquisas ten a nosa cidadanía.

Todos sabemos que esta materia é competencia das comunidades autónomas, no noso caso a Xunta de Galicia, pero sabemos que outras administracións levan a cabo políticas para facilitar dito acceso á poboación, o estado actúa dentro das súas competencias, con medidas ambiciosas para corrixir esta situación, orzamento para un plan estatal de vivenda e unha nova lei para darlle instrumentos para loitar contra o aumento

exponencial dos prezos da vivenda en aluguer ou compra, pero tamén sabemos que as comunidades autónomas na maioría dos casos gobernadas pola dereita ou coalicións de dereita e extrema dereita, optan pola inacción o rexeitamento ou o boicot. Algunhas decidiron non aplicar a Lei de Vivenda, desprotexen os parques de vivenda protexida, renuncian a xestionar os fondos estatais ou manteñen políticas centradas na liberalización do chan e a especulación urbanística.

Esa actitude, lonxe de ser unha mera discrepancia política, ten consecuencias concretas: mozos que non poden emanciparse, familias que deben destinar máis do 40% dos seus ingresos ao alugueiro, persoas maiores atrapadas en vivendas inadecuadas, e barrios expulsando aos seus veciños de toda a vida.

Os concellos, como Arteixo, somos a administración máis próxima á cidadanía e testemuñas directas das dificultades diarias que enfrontan miles de persoas para acceder a unha vivenda, por iso, consideramos fundamental apoiar estas medidas desde o local e esixir a súa aplicación no ámbito autonómico, tal e como establece o noso marco competencial.

O concello de Arteixo polo seu desenvolvemento industrial e pola súa situación na área metropolitana de A Coruña, está sufrir para que a nosa veciñanza acceda a unha vivenda en aluguer ou compra a uns prezos razoables, pero mentres no concello de A Coruña ou Santiago toman medidas para declarar o seu concello como zona tensionada e poder aplicar a nova lei de vivenda para darlle acceso a unha vivenda digna á cidadanía, en Arteixo o goberno local prefire mirar para outro lado e todo se esconde detrás de promesas de futuras construcións de vivenda protexida na Penouqueira, que non serán unha realidade ata dentro de 3 ou 4 anos e serán poucas a repartir entre a cidadanía da nosa comarca, polo que necesitamos medidas urxentes nun concello que ten infinidade de vivenda baleira que podería saír ao mercado se o concello fixese un plan de vivenda que lle dera aos propietarios incentivos para sacar as súas propiedades ao mercado de venta ou alugueres a prezo razoable para os demandantes de vivenda.

Por todo o exposto, o o Grupo Municipal Socialista de Arteixo somete á consideración do Pleno a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1. Instar á Xunta de Galicia a traballar da man co Goberno de España para o desenvolvemento do Plan de Vivenda Estatal, modificar a súa normativa para blindar o parque público e social de vivenda e que non se poidan descualificar vivendas que estean financiadas con recursos públicos e crear e compartir unha base de datos pública a compartir co Estado, como mostra de transparencia e servizo á cidadanía.
2. Instar á Xunta de Galicia e ao concello de Arteixo a construír con urxencia a vivenda pública prometida en Arteixo na Penouqueira e poñer a disposición novas

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD [redacted] erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

parcelas que o noso concello pode ofrecer derivadas de desenvolvementos urbanísticos.

3. Instar ao concello de Arteixo a redactar en colaboración coa Xunta de Galicia un estudo onde se analice o prezo de compra ou alugueiro de vivendas dos últimos 5 anos, e tamén se os gastos do alugueiro superan o 30% dos ingresos ou rendas medios dos fogares e contemple, ademais, outros indicadores e variables necesarias que diagnostiquen a falta de oferta insuficiente de vivenda para a cidadanía tanto nas nosas zonas urbanas como rurais.

   Se o froito do devandito estudo lanza que Arteixo cumpre cos requisitos estipulados do artigo 18 da Lei 12/2023, do 24 de maio, polo dereito á vivenda, declare a este municipio como zona de mercado residencial tensionada, e desta forma, aplíquese o índice de prezos de referencia que prevé a Lei 12/2023, do 24 de maio, polo dereito á vivenda.

4. Elaborar un Plan de Vivenda Municipal e poñer en marcha unha Empresa Municipal do Solo para incentivar a saída ao mercado da numerosa vivenda baleira existente no noso municipio, con medidas que dean seguridade aos propietarios de dita vivenda.

“

Deseguido a Alcaldía-Presidencia, somete a votación a urxencia da moción.

Votos a favor da urxencia: UNANIMIDADE.

Aprobada a urxencia, a Alcaldía-Presidencia da un turno de intervencións.

<<...>>

Non formulándose máis intervencións a Alcaldía-Presidencia somete a moción a votación:

Votación:

<<...>>

Á vista do resultado da votación, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en VOTACIÓN ORDINARIA e por MAIORÍA, ditamina favorablemente propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos transcritos na moción que se deixa reflectida.”

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións:

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

Votos a favor:
4 Grupo PARTIDO SOCIALISTA
1 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
1 Grupo NON ADSCRITOS
Votos en contra:
14 Grupo PARTIDO POPULAR

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD[redacted]erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama por MAIORÍA DOS/AS PRESENTES, rexeitada a moción.

**16. MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBRE AS SUBVENCIÓNS DE CONCURRENCIA COMPETITIVA NO CONCELLO DE ARTEIXO (RE 202699900002916 del 19.03.2026).-** Dase conta ao Pleno de que a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en sesión ordinaria celebrada o luns 23 de marzo de 2026, emitiu o seguinte **DITAME:**

**“9. ASUNTOS DE URXENCIA.-**

**9.4. MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBRE AS SUBVENCIÓNS DE CONCURRENCIA COMPETITIVA NO CONCELLO DE ARTEIXO (RE 202699900002916 del 19.03.2026).-** Dase conta da moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego, en data 19.03.2026, con rexistro de entrada nº 2026.999.2916, co seguinte teor literal:

“

**MOCIÓN SOBRE AS SUBVENCIÓNS DE CONCURRENCIA COMPETITIVA**

**NO CONCELLO DE ARTEIXO**

**Exposición de motivos**

As subvencións municipais son unha ferramenta fundamental para apoiar o tecido social, cultural, deportivo e económico do Concello de Arteixo. A través delas, o Concello contribúe ao desenvolvemento de asociacións, entidades sen ánimo de lucro, clubs deportivos, colectivos culturais e iniciativas que melloran a calidade de vida da veciñanza.

Hai que salientar nesta exposición de motivos que é a iniciativa colectiva da veciñanza do noso concello, nos diversos ámbitos da nosa sociedade ( deporte, cultura, servizos sociais, educación, etc) a que está a contribuir a crear riqueza no noso municipio ano tras ano e dunha forma desinteresada e sen ánimo de lucro.

Porén, nos últimos anos detectamos diversas dificultades no acceso a estas axudas pero as máis importantes son o encarecemento dos recursos, materias primas e útiles que se necesitan para levar a cabo o traballo todas as asociacións e sociedades do concello. Sabemos todos os que aquí estamos que durante e despois da pandemia houbo que recapitalizar obras e servizos inxectando recursos económicos das administracións públicas, municipais, provinciais e autonómicas porque as licitacións que estaban aprobadas entendeuse que a pandemia o modificara todo.

Desde o ano 2021, ano no que comezamos pouco a pouco a volver a coller o ritmo da vida, o concello de Arteixo tiña un orzamento de 50.700.000 millóns de euros frente aos 72.935.882 deste ano 2026 co que supón un incremento dun 43,8% total.

Se atendemos aos departamentos máis significativos do noso concello, Educación, Servizos Sociais, Cultura, Deportes ou Participación Cidadá...vemos que entre 2021 e 2026 sucede que non se produce o mesmo incremento proporcional nin entre departamentos tampouco.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD [redacted] erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

| Subvencións de libre concurrencia | | | |
|---|---|---|---|
| | **2021** | **2026** | |
| EDUCACIÓN | 261.700 | 405.000 | +143.000 (+54%) |
| SERVIZOS SOCIAIS | 350.000 | 191.000 | -159.000 (-45%) |
| CULTURA | 31.400 | 32.000 | +600 (+1,9%) |
| DEPORTES | 316.800 | 262.000 | -54.800 (-17,30) |
| PARTICIPACIÓN CIDADÁ | 0 * | 75.000 | 0 |

* no ano 2020 P.Cidadá tiña reflectido 75.000 no orzamento

Non entendemos como departamentos de Promoción Turística ou Medio Ambente non teñen aberto unha Económica dentro dos respectivos Programas para subvencións de concurrencia competitiva para o fomento dos distintos departamentos.

Son moitos os miles de persoas que traballan en distintas entidades e asociacións do concello, ben sexa traballando sen ánimo de lucro ou participando, fomentando actividades que conlevan valores e principios culturais, sociais, deportivos, etc que redundan e revirten na nosa sociedade arteixá tanto nas actividades para as nosas crianzas como en adultos, de aí que este tipo de subvencións sexan máis importantes do que, a priori, parecen.

Por outro lado, os prazos de convocatoria non se axustan aos exercicios cando se deberan deixar prazos máis lonxanos no tempo como o primeiro mes do exercicio seguinte, atrasos na resolución e no pagamento, así como unha falta de información clara e accesible para as persoas e entidades solicitantes sobre estes pagos. Estas situacións xeran incerteza e dificultan a planificación das actividades subvencionadas.

Resulta necesario avanzar cara a un sistema de subvencións máis áxil e o uso eficiente dos recursos públicos, reforzando ao mesmo tempo a confianza da cidadanía, entidades e asociacións, na xestión municipal.

Por todo isto o  Pleno do Concello de Arteixo acorda:

1. **Revisar e simplificar** as bases reguladoras das subvencións municipais, reducindo a carga burocrática e facilitando a súa comprensión por parte das persoas e entidades solicitantes.
2. **Establecer un calendario anual público** de convocatorias de subvencións co fin de permitir unha mellor planificación das actividades incorporando aos departamentos de Turismo e Medio Ambente a este programa de subvencións de concurrencia competitiva.
3. **Axilizar os prazos de resolución e pagamento**, garantindo que as entidades beneficiarias reciban as axudas por adiantado nunha porcentaxe que poidera chegar a ser do 75%.
4. **Incrementar progresivamente as partidas** destinadas a este programa de subvencións de concurrencia competitiva en 3 puntos por encima do IPC anual nos próximos 5 anos.
5. **Avaliar periodicamente** o impacto das subvencións concedidas, co obxectivo de mellorar a súa eficacia e adecuación ás necesidades dos tempos do municipio.

“

Deseguido a Alcaldía-Presidencia, somete a votación a urxencia da moción.

Votos a favor da urxencia: UNANIMIDADE.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR  José María Vázquez Pita  (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR  José María Vázquez Pita  (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) ,  Carlos Calvelo Martínez  (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD [redacted] erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

Aprobada a urxencia, a Alcaldía-Presidencia da un turno de intervencións.

<<...>>

Non formulándose máis intervencións a Alcaldía-Presidencia somete a moción a votación:

Votación:

<<...>>

Á vista do resultado da votación, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en VOTACIÓN ORDINARIA e por MAIORÍA, ditamina favorablemente propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos transcritos na moción que se deixa reflectida."

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións:

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación, coa modificación do punto cuarto dos propostos na moción, no seguinte sentido:

4. Incrementar progresivamente as partidas destinadas a este programa de subvencións de concurrencia competitiva na medida na que orzamentariamente sexa posible.

Votación:

Votos a favor:
14 Grupo PARTIDO POPULAR
4 Grupo PARTIDO SOCIALISTA
1 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
1 Grupo NON ADSCRITOS

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama adoptados, por UNANIMIDADE DOS/AS PRESENTES, os acordos transcritos na moción que se deixa transcrita, salvo o punto cuarto que queda redactado co seguinte teor:

"4. Incrementar progresivamente as partidas destinadas a este programa de subvencións de concurrencia competitiva na medida na que orzamentariamente sexa posible.

**** Abandona a sesión o Sr. Maceiras López, Concelleiro do Grupo Municipal Popular.**

**17. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE NON ADSCRITOS EN RELACIÓN COA FALTA DE ACCESO Á INFORMACIÓN MUNICIPAL E Á OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO NA TRAVESÍA DE ARTEIXO (RE 202699900002963 do 22.03.2026).-** Dase conta ao Pleno da Corporación de que a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en sesión ordinaria celebrada o luns 23 de marzo de 2026, emitiu o seguinte **DITAME:**

**"9. ASUNTOS DE URXENCIA.-**

**9.6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE NON ADSCRITOS EN RELACIÓN COA FALTA DE ACCESO Á INFORMACIÓN MUNICIPAL E Á OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO NA**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD [redacted]erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD [redacted] erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/



**TRAVESÍA DE ARTEIXO (RE 202699900002963 do 22.03.2026).-** Dase conta da moción presentada polo Grupo Municipal de Non Adscritos, en data 22.03.2026, con rexistro de entrada nº 2026.999.2963, co seguinte teor literal:

"

**MOCIÓN EN RELACIÓN COA FALTA DE ACCESO Á INFORMACIÓN MUNICIPAL E Á OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO NA TRAVESÍA DE ARTEIXO**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O pasado **3 de marzo de 2026**, a concelleira non adscrita do Concello de Arteixo presentou a través da sede electrónica municipal unha solicitude de acceso á documentación relativa á instalación dunha **caseta tipo contedor utilizada como oficina inmobiliaria situada na beirarrúa da Travesía de Arteixo**, rexistrada co número **202699900002284**.

Na devandita solicitude requiríase información esencial para o exercicio das funcións de control e fiscalización da actividade municipal, incluíndo o expediente administrativo, as autorizacións municipais existentes, os informes técnicos e a titularidade do solo ocupado.

Transcorrido o prazo legalmente establecido sen recibir resposta, con data **16 de marzo de 2026** presentouse unha segunda solicitude reiterando o acceso á información, rexistrada co número **202699900002778**, persistindo a día de hoxe a **falta de resposta por parte do goberno municipal**.

Esta situación resulta especialmente grave por canto **impide o exercicio efectivo do dereito de acceso á información dos membros da Corporación**, dificultando o desenvolvemento das funcións de control e fiscalización que lles corresponden.

Ademais, a instalación dunha actividade privada nunha beirarrúa pública sen explicacións claras por parte do Concello xera unha evidente preocupación entre a veciñanza, ao afectar ao uso do espazo público e ao tránsito peonil.

Non se trata unicamente dun problema administrativo, senón dunha cuestión que afecta directamente á **transparencia, ao funcionamento democrático da institución e ao respecto aos dereitos dos representantes públicos**.

**Por todo o exposto, proponse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

1. Instar ao goberno municipal a **facilitar de maneira inmediata** toda a documentación solicitada nas peticións presentadas con datas 3 e 16 de marzo de 2026.
2. Dar conta en Pleno da existencia ou inexistencia de autorización administrativa que ampare a instalación da caseta tipo contedor utilizada como oficina inmobiliaria na beirarrúa da Travesía de Arteixo, así como dos informes técnicos e xurídicos que, no seu caso, a sustenten.
3. No caso de non existir autorización ou expediente habilítante, instar ao goberno municipal a **adoptar as medidas necesarias para restituír o uso público do espazo ocupado**, garantindo o cumprimento da legalidade urbanística e administrativa.
4. Garantir o pleno respecto ao dereito de acceso á información dos membros da Corporación municipal, evitando prácticas que limiten ou dificulten o exercicio das súas funcións de control e fiscalización.

“

Deseguido a Alcaldía-Presidencia, somete a votación a urxencia da moción.

Votos a favor da urxencia: UNANIMIDADE.

Aprobada a urxencia, a Alcaldía-Presidencia da un turno de intervencións.

<<...>>

Non formulándose máis intervencións a Alcaldía-Presidencia somete a moción a votación:

Votación:

<<...>>

Á vista do resultado da votación, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en VOTACIÓN ORDINARIA e por MAIORÍA, ditamina favorablemente propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos transcritos na moción que se deixa reflectida.”

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións:

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

Votos a favor:
13 Grupo PARTIDO POPULAR
4 Grupo PARTIDO SOCIALISTA
1 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD: [redacted] Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

1 Grupo NON ADSCRITOS

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama adoptados, por UNANIMIDADE DOS/AS PRESENTES, os acordos transcritos na moción que se deixa transcrita.

**18. ASUNTOS DE URXENCIA.-** Non se da conta de ningún.

**B) PARTE DE CONTROL.-**

**1. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS E BANDOS DITADOS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA E DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL.-**

1) Dase conta dos **Decretos**:

nº **430**/2026 ata o nº **701**/2026

2) e das **Actas de Xunta de Goberno Local**:

- Acta XGL Ordinaria do 12 de febreiro do 2026
- Acta XGL Ordinaria do 25 de febreiro do 2026

**** Durante o turno de rogos e preguntas, abandonan a sesión a Sra. Sánchez Ramilo, do Grupo Municipal Socialista e o Sr. Castro Calvete, Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular.**

**2. ROGOS E PREGUNTAS.-**

**Non adscritos:**

Pregunta NA Biblioteca Antón Castro (RE 202699900003038 do 24.03.2026).-

**PREGUNTA PLENO ORDINARIO:**

Biblioteca Municipal Antón Castro – Meicende

**EXPOSICIÓN:**

Varios veciños e veciñas trasladáronnos que, dende hai xa varios meses, a Biblioteca Municipal Antón Castro de Meicende permanece pechada de forma habitual.

A explicación que reciben as persoas usuarias é que a persoa encargada deste servizo atópase de baixa por enfermidade, o cal é totalmente respectable. Pero, resulta pouco razoable que unha biblioteca municipal permaneza pechada de maneira continuada debido á baixa dun traballador ou traballadora.

**PREGUNTAMOS:**

- Pode o grupo de goberno informarnos con detalle sobre esta situación?
- Ten previsto o Concello contratar a unha persoa para cubrir esta baixa e garantir así a continuidade do servizo á veciñanza?

Pregunta NA Parcela A Maceira (RE 202699900003038 do 24.03.2026).-

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD[redacted]erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

Cofinanciado por la Unión Europea · MINISTERIO DE HACIENDA · Fondos Europeos · Arteixo

**PREGUNTA PLENO ORDINARIO:**

Parcela de A Maceira e incumprimento da reposición da legalidade urbanística

**EXPOSICIÓN:**

As actuacións realizadas na parcela da A Maceira, correspondente á referencia catastral **15005A06600026** (polígono 66, parcela 26, Empedrado – Arteixo), con fronte á estrada **AC-552**, consistentes na execución dun muro de escollera e movementos de terra, foron executadas sen a correspondente autorización municipal nin as preceptivas licenzas, circunstancia que xa foi obxecto de diversas preguntas neste pleno.

Así mesmo, **segundo se informou neste pleno e segundo o goberno municipal trasladou en medios de comunicación**, teríase requirido á propiedade a demolición das obras executadas e a reposición dos terreos ao seu estado orixinal, establecéndose a posibilidade de aplicar medidas coercitivas en caso de incumprimento.

Pero, a día de hoxe, e á vista do estado actual da parcela, non se produciu a execución efectiva da reposición da legalidade urbanística.

**PREGUNTAMOS:**

- Pode confirmar o equipo de Goberno se se ditou formalmente o requirimento de demolición e reposición da legalidade urbanística na parcela con referencia catastral 15005A06600026?
- En que data se realizou dito requirimento e en que estado se atopa actualmente o expediente?
- Que actuacións levou a cabo o Concello ante o incumprimento dese requirimento por parte da propiedade?
- Aplicou o Concello medidas coercitivas, tales como multas, ante o incumprimento da orde? En caso afirmativo, cales e con que resultado?
- Iniciou o Concello a execución subsidiaria da demolición e reposición da legalidade urbanística?
- Que medidas concretas vai adoptar o goberno municipal e en que prazo para garantir o cumprimento efectivo da legalidade neste caso?

Pregunta NA Reasfaltado (RE 202699900003038 do 24.03.2026).-

**PREGUNTA PLENO ORDINARIO:**

Reasfaltado no acceso á Escola de Educación Infantil e ao Centro Social de Vilarrodís

**EXPOSICIÓN:**

Logo das denuncias realizadas por este grupo nas redes sociais, o Concello procedeu ao arranxo das fochancas existentes no acceso á Escola de Educación Infantil e ao Centro Social de Vilarrodís mediante actuacións de parcheado.

Se ben esta intervención supón unha mellora puntual, a realidade é que o estado xeral do firme continúa sendo deficiente, presentando aínda irregularidades e mesmo comezando a levantarse nalgúns puntos o asfalto recentemente aplicado.

Trátase, ademais, dunha zona de tránsito habitual de menores, persoas maiores e vehículos, polo que resulta necesario garantir unhas condicións axeitadas de seguridade e durabilidade.

**PREGUNTAMOS:**

- Ten previsto o goberno municipal proceder a un reasfaltado en condicións de toda a zona no acceso á Escola de Educación Infantil e ao Centro Social de Vilarrodís?
- En caso afirmativo, en que prazo está prevista a execución desta actuación?

Rogo NA arranxo beirarrúas acceso CEIP de Galán (RE 202699900003038 do 24.03.2026).-

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD [redacted]erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

**ROGO PLENO ORDINARIO:**

Arranxo das beirarrúas de acceso ao CEIP de Galán

**EXPOSICIÓN:**

As beirarrúas de acceso ao CEIP de Galán presentan un estado de conservación deficiente, con lousas levantadas, zonas irregulares e partes do pavimento visiblemente elevadas ou deformadas, **tal e como se pode apreciar na imaxe que se achega**.

Esta situación supón un risco evidente para a seguridade dos peóns, especialmente tendo en conta que se trata dun punto de paso habitual de menores, familias e comunidade educativa, podendo provocar tropezos, caídas e dificultades de mobilidade.

**ROGAMOS:**

- Que se proceda ao arranxo inmediato das beirarrúas de acceso ao CEIP Galán, reparando os desperfectos existentes e garantindo unhas condicións axeitadas de seguridade e accesibilidade nun entorno especialmente sensible como é o acceso a un centro educativo.

Rogo NA Carril Bici paseo fluvial (RE 202699900003038 do 24.03.2026).-

**ROGO PLENO ORDINARIO:**

Carril bici do paseo fluvial

**EXPOSICIÓN:**

Moitas persoas usuarias do carril bici do paseo fluvial trasladáronnos o mal estado no que se atopa o asfalto deste carril.

Esta situación supón un risco de caídas para as persoas que o utilizan.

**ROGAMOS:**

- Que se proceda a arranxar, coa maior brevidade posible, as zonas máis afectadas do carril bici do paseo fluvial.
- Que se realicen os labores de mantemento necesarios para evitar que se volva chegar ás condicións actuais.

Rogo NA Servizo Odontoloxía Centro Saúde (RE 202699900003038 do 24.03.2026).-

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD [redacted] erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

**ROGO PLENO ORDINARIO:**

Servizo de Odontoloxía no Centro de Saúde de Arteixo

**EXPOSICIÓN:**

O servizo de Odontoloxía do Centro de Saúde de Arteixo atopábase saturado debido ao elevado número de pacientes asignados aos seus cupos.

Esta carga asistencial levou ao SERGAS a adoptar medidas para desconxestionar o servizo, liberalo e redistribuír a demanda, co obxectivo de que deixe de estar colapsado e funcione de forma máis axeitada, algo co que estamos totalmente de acordo.

Porén, o que non comparten os veciños e veciñas de Arteixo, ao igual que nós, é que eses dous cupos eliminados do Centro de Saúde de Arteixo fosen trasladados ao Centro de Saúde e Especialidades do Ventorrillo, existindo a posibilidade de habilitar unha consulta de Odontoloxía nunha das salas dispoñibles do Centro de Saúde de Vilarrodís, ou mesmo crear unha quenda de tarde, como xa existiu anteriormente no Centro de Saúde de Arteixo e que na actualidade está anulada.

**ROGAMOS:**

- Que o equipo de Goberno traslade esta petición á **Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee** e ao **SERGAS** para que valore a posibilidade de dotar deste servizo ao Centro de Saúde de Vilarrodís ou de crear, como xa existiu anteriormente, unha quenda de tarde no Centro de Saúde de Arteixo, para que se eviten desprazamentos e molestias innecesarias para a veciñanza derivados do cambio de cupos sen previo aviso.

**Bloque Nacionalista:**

Pregunta BNG Bochinches (RE 202699900003034 do 23.03.2026).-

PREGUNTA PLENO ORDINARIO

EXPOSICIÓN

Deuse conta da licitación para ocupación, uso e explotación das barras de bebidas e comidas ( os bochinches) para as festas máis significativas do noso concello divididos en 3 lotes diferentes mediante outorgamento de licenzas.

Por isto, preguntamos

– Por que da decisión de trocear en 3 lotes ditas barras de bebidas cando as cantidades non son tan elevadas?

Pregunta BNG Herbales de Chamín (RE 202699900003034 do 23.03.2026).-

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD[redacted]erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD[redacted]erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/

PREGUNTA PLENO ORDINARIO

EXPOSICIÓN

No escrito con data 05/02/2026 asinado por José Ramón López Arias en representación da empresa adxudicataria da obra que se presentou no rexistro do Concello solicitábase unha suspensión temporal da obra, fundamentado nas condicións meteorolóxicas adversas que se rexistraron neste inverno por afectar á seguridade dos traballadores e á correcta execución dos traballos.
Dita obra da que falamos é a área recreativa dos Herbais de Chamín.
No pleno do concello do mes pasado, vostede, señor alcalde, dixo que as obras ían sen ningunha demora e que os prazos se cumprirían.

Por todo isto, preguntamos

– Suspendéronse as obras ou van rematar sen demoras?

Pregunta BNG Sanción Verquidos Concello (RE 202699900003034 do 23.03.2026).-

PREGUNTA PLENO ORDINARIO

**VERTIDO DE AUGAS RESIDUAIS AO DOMINIO PUBLICO HIDRAULICO EN LUGAR MARGARIDA - CHAMIN**

EXPOSICIÓN

Con data 10 de abril de 2025 recibiuse un acordo de iniciación de expediente por "vertido non autorizado susceptible de alterar a calidade da auga" no lugar de Margarida-Chamín e o día 18 de decembro de 2025, ten entrada no Rexistro Xeral deste Concello a proposta de de sanción imposta por Augas de Galicia.

O 30 de xaneiro de 2026 entrou no Rexistro Xeral deste Concello a resolución do expediente sancionador contra o Concello de Arteixo, declarando ao Concello de Arteixo responsable dunha infracción de carácter leve tipificada na Lei 9/2010.

Por todo isto, preguntamos

– Cal foi o verquido do que se fala nesta pregunta? Houbo máis verquidos e sancións ao Concello de Arteixo?

Rogo BNG Camiño de Sorrizo (RE 202699900003034 do 23.03.2026).-

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica https://sede.arteixo.org/ (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 18/05/2026 09:56:00)
Versión imprimible
CVD: utLj72ERbx1Bt4yin7QW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/
FIRMADO POR José María Vázquez Pita (FECHA: 08/04/2026 14:56:00) , Carlos Calvelo Martínez (FECHA: 09/04/2026 15:09:00)
Versión imprimible
CVD[redacted]erificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.arteixo.org/



ROGO PLENO ORDINARIO

EXPOSICIÓN

Na sesión plenaria do mes de outubro de 2025, o BNG de Arteixo preguntou sobre a necesidade, por parte da veciñanza de Monteagudo e sobre todo de Sorrizo, de que se asfalte un tramo de aproximadamente 600-800 metros, hoxe en día de pista de terra, polo que pasan diariamente para dirixirse cara A Laracha






Por todo isto, rogamos

– que se nos diga como está este tema e que prazos se manexan para a mellora da pista.

